



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

• VENRES 1 DE AGOSTO DE 2003

• SUPLEMENTO NÚM. 10 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

XEFATURA DO ESTADO

13615 *LEI 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial. («BOE» 162, do 8-7-2003.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de reforma e actualización da normativa española sobre propiedade industrial que tivo lugar na década de 1980 impulsado pola integración de España na Comunidade Europea, deu lugar a novas leis de patentes, marcas e topografías de semicondutores, pero non afectou o deseño industrial. Este seguiu rexéndose polas normas do Estatuto da propiedade industrial aprobado polo Real decreto lei do 26 de xullo de 1929 (texto



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA

refundido aprobado por Real orde do 30 de abril de 1930 e ratificado con forza de lei pola do 16 de setembro de 1931) relativas a modelos, debuxos industriais, e modelos e debuxos artísticos de aplicación industrial.

Esta omisión debeuse, en parte, á necesidade de esperar a que se producese a harmonización comunitaria, un proceso iniciado en 1991 coa presentación pola comisión do libro verde sobre a protección xurídica do deseño, que non se traduciu en normas concretas ata a aprobación en 1998 da Directiva 98/71/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 13 de outubro de 1998, sobre a protección xurídica dos debuxos e modelos, que agora se incorpora ó noso ordenamento.

Esta lei responde pois a unha necesidade longamente sentida e ten un dobre obxectivo: incorporar ó noso dereito interno a norma comunitaria de obrigada transposición e adecua-la protección da propiedade industrial do deseño ás necesidades actuais.

Supón, por outra parte, a culminación do proceso de actualización normativa emprendido no período 2001-2003 que ten os seus principais fitos lexislativos na Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, e na Lei 10/2002, do 29 de abril, pola que se modifica a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, para a incorporación ó dereito español da Directiva 98/44/CE, relativa á protección xurídica das invencións biotecnolóxicas.

Na aprobación desta lei tívose en conta que a normativa sobre protección nacional do deseño industrial coexistirá coa comunitaria, establecida mediante o Regulamento (CE) 6/2002, do Consello, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios, que inclúe tanto o deseño rexistrado como o non rexistrado, con efectos uniformes en toda a Unión Europea.

Na nova lei, igual que na directiva comunitaria, a distinción entre modelos e debuxos industriais, correspondente ós deseños tridimensionais e bidimensionais respectivamente, non se traduce realmente nun tratamento legal diferenciado e, ademais, o termo modelo aplícase tamén a unha figura distinta, os modelos de utilidade, por isto se preferiu utiliza-lo termo deseño industrial, que é o empregado na linguaxe común para designa-la forma proxectada para os obxectos de uso que serán fabricados en serie. O mantemento da terminoloxía tradicional na versión española dos convenios internacionais vixentes e da lexislación comunitaria non debería presentar ningún problema de interpretación, posto que tampouco neses textos se aplica ós debuxos e modelos un réxime legal diferenciado que xustifique a diferenza denominativa.

II

O concepto de deseño, as condicións de protección, os motivos de denegación e nulidade do rexistro, e o alcance e os límites da cobertura legal veñen en boa medida predeterminados pola directiva. Tanto a norma comunitaria como esta lei inspíranse no criterio de que o ben xuridicamente protexido pola propiedade industrial do deseño é, ante todo, o valor engadido polo deseño ó produto desde o punto de vista comercial, prescindindo do seu nivel estético ou artístico e da súa orixinalidade. O deseño industrial concíbese como un tipo de innovación formal referido ás características de aparencia do produto en si ou da súa ornamentación. Isto non impide que o deseño orixinal ou especialmente creativo se poida acoller, ademais, á tutela que lle ofrece a propiedade intelectual, xa que ámbalas formas de protección son, como é sabido, independentes, acumulables e compatibles.

As condicións de protección do deseño industrial son por isto puramente obxectivas: a cobertura legal atinxe os deseños dotados de novidade e singularidade segundo os criterios adoptados pola directiva comunitaria. En aplicación destes criterios rexístranse os deseños que

producen no usuario informado unha impresión de conxunto diferente á dos demais deseños, e que, no momento en que se solicita a protección, non tivesen podido chegar a ser coñecidos no curso normal dos negocios polos círculos especializados no sector de que se trate que operan na Comunidade Europea.

Rexístranse tanto os deseños meramente ornamentais como os funcionais, con exclusión daqueles con características exclusivamente impostas pola súa función técnica. A separabilidade da forma e a función é o que permite que a forma externa dun produto utilitario poida ser protexida como deseño, cando as características de aparencia revisten ademais novidade e singularidade. Tamén se preserva a interoperabilidade de produtos de diferentes fabricantes excluindo da protección mediante deseño as interconexións e axustes mecánicos, con excepción das que permiten a ensamblaxe e conexión de produtos mutuamente intercambiáveis dentro dun sistema modular.

Unha importante novidade legal é o recoñecemento dun prazo de gracia de 12 meses durante o cal a divulgación do deseño realizada polo autor, o seu habente causa ou un terceiro como consecuencia da información facilitada por eles, non prexudica a posibilidade de rexistro polo seu lexítimo titular. A súa finalidade radica en permitir que o titular do deseño o probe no mercado sen que o deseño perda por isto novidade, antes de decidirse a rexistralo, e responde especialmente ós intereses daqueles sectores que lanzan periodicamente maior número de deseños de ciclo curto e frecuente renovación, dos cales soamente vale a pena rexistrá-los máis rendibles.

Tamén se permiten os rexistros múltiples con taxas decrecentes, dentro de certos límites, así como o adiamento da publicación do deseño, o que permite ás empresas facer coincidi-la data de publicación co lanzamento do produto, sen menoscabo da seguranza xurídica, xa que se garante a certeza da prioridade, e o titular poderá invoca-la protección provisoria que a lei recoñece ás solicitudes non publicadas fronte á persoa a quen se notificase a presentación da solicitude e o contido desta.

III

A concesión dun dereito exclusivo con efectos «erga omnes» vincúlase ó rexistro igual que ocorre con outras modalidades de propiedade industrial, coas vantaxes derivadas da seguranza xurídica que isto carrega. Non obstante, o deseño non rexistrado goza dunha protección comunitaria específica, establecida no regulamento comunitario antes citado, fronte ós actos de explotación non autorizada das copias do deseño, que dura tres anos contados desde a data na que por primeira vez fose feito accesible ó público na Comunidade Europea e esténdese automaticamente a tódolos deseños que cumpren as condicións establecidas directamente na norma comunitaria. A súa adopción fai superflua calquera outra normativa similar de alcance nacional no mesmo sentido, posto que automaticamente tódolos deseños non rexistrados que cumpren esas condicións quedan incluídos na cobertura comunitaria.

En canto ó procedemento, a lei implanta o sistema de oposición posconcesión, que pretende combina-la rápida protección e a seguranza que require a industria do deseño, coa defensa dos intereses xerais e dos dereitos de terceiros, abrindo a posibilidade dun control de legalidade posterior á concesión levado a cabo mediante oposicións de terceiros, con base en dereitos anteriores ou en motivos de denegación que a Administración non está facultada nin capacitada para examinar de oficio, e que por esta mesma razón non se poden facer valer por vía de recurso contra a concesión.

O procedemento de rexistro comprende un exame de forma, con asignación de data de presentación, e un rápido exame de oficio que, no que se refire ó obxecto da solicitude, se limita a comprobar que se trata dun deseño en sentido legal e que non é contrario á orde pública ou ós bos costumes. Superado este exame sumario, no que non se verifica nin a novidade, nin o carácter singular do deseño solicitado, nin hai busca de posibles anticipacións baseadas en dereitos anteriores, o deseño rexístrase e publícase, producindo desde entón plenos efectos.

Contra a concesión do rexistro do deseño cabe recurso administrativo aínda que limitado, como é lóxico, ás cuestións que poidan ser resoltas pola Administración durante o procedemento de rexistro.

Coa publicación do deseño, despois da concesión do rexistro, ábrese un período de oposicións á concesión. O procedemento de oposición é un procedemento autónomo, que é iniciado polos terceiros, aínda que coas restriccións de lexitimación impostas pola norma comunitaria. As oposicións soamente se poderán fundar na concorrencia de causas de denegación de rexistro que a Administración non está facultada para examinar de oficio no procedemento de concesión, como son a falta de novidade ou de carácter singular do deseño rexistrado, ou a preexistencia de dereitos anteriores. Contra a resolución estimatoria ou desestimatoria da oposición presentada calquera das partes no procedemento de oposición poderá interpo-lo correspondente recurso administrativo.

O procedemento de oposición posconcesión combina o exame sumario de oficio e a rápida protección do deseño coa defensa dos intereses de terceiros, articulando coherentemente os procedementos de rexistro, oposición e recurso sen mingua de garantías para o solicitante ou os terceiros interesados, sexan ou non titulares de dereitos anteriores.

IV

A extensión e o alcance da protección régulanse no título VI da lei, xunto coas accións de defensa do dereito sobre o deseño rexistrado.

A duración do rexistro é de cinco anos contados desde a data de presentación, renovables por períodos sucesivos de cinco anos ata un máximo de 25. No caso do deseño comunitario non rexistrado, a cobertura legal é de tres anos, sen posibilidade de renovación, contados desde a primeira divulgación deste na Comunidade.

Os dereitos conferidos polo deseño rexistrado recoñécense ó titular do deseño a partir da publicación do deseño rexistrado. Non obstante, atribúese ó solicitante, aínda antes da publicación da concesión, unha protección provisoria fronte á persoa a quen se notificase a presentación da solicitude e o contido desta. A protección dá dereito a percibir unha indemnización razoable por actos de utilización do deseño que despois da publicación da concesión quedarían prohibidos.

A partir da publicación do deseño rexistrado, despois da concesión do rexistro, a protección é plena, e dá dereito ó seu titular a impedir calquera acto de explotación do deseño, como a fabricación, a oferta, a comercialización, a importación, a exportación ou o uso ou o almacenamento para estes fins, do produto que incorpore un deseño comprendido dentro do ámbito de protección do rexistrado, aínda que ese deseño fose creado independentemente.

Enténdese que nin a solicitude nin o rexistro do deseño produciron os efectos previstos na lei na medida en que este último fose denegado, ou cancelado por estimación dunha oposición ou dun recurso. A retroactividade xustifícase porque as causas de denegación por motivos de fondo, xa se examinen de oficio ou mediando oposición, son tamén causas de nulidade, e unha vez

apreciada a súa existencia, os efectos sobre o rexistro indebidamente concedido deben se-los mesmos.

Hai que sinalala correlación que hai entre o grao de diferenza que un deseño debe presentar fronte ós coñecidos para que teña carácter singular e poida ser protexido, e o que o deseño desenvolvido por un competidor debe presentar fronte ó protexido para non invadi-lo seu ámbito de protección. En ámbolos casos tómase como referente o usuario informado e o grao de liberdade do autor para desenvolver-lo deseño.

A lei non define o concepto de usuario informado, porque este se deberá concretar caso por caso en función do segmento do mercado a que vaia especificamente dirixida a oferta do produto. Por outra parte, a referencia ó grao de liberdade do deseñador non implica necesariamente que a extensión da protección sexa inversamente proporcional á funcionalidade do deseño, xa que un deseño pode ser altamente creativo e funcional á vez. Hai que ter en conta que a industria do deseño inclúe sectores moi diversos e que non poucas veces a creatividade dos deseñadores se move no seo de tendencias ou marxes de sensibilidade compartida, común ós gustos ou modas da época. A preocupación por garantir unha protección efectiva pero sen bloquea-la creación independente de novos deseños estivo moi presente na elaboración da norma comunitaria que inspirou este regulación.

A aprobación da directiva comunitaria só foi posible mediante unha solución transitoria de mantemento do «statu quo» no conflictivo tema da utilización de deseños de compoñentes con fins de reparación de produtos complexos para restituírle-la súa aparencia orixinal. O compromiso a que se chegou foi a instauración dun réxime transitorio resumido na fórmula «conxelación máis liberalización» que, en esencia, obriga os estados membros a manter en vigor o réxime xurídico aplicable ó uso de deseños destes compoñentes con fins de reparación, e só autoriza os cambios dirixidos a liberaliza-lo mercado dos ditos compoñentes en canto dure o réxime transitorio.

A directiva trata expresamente o rexistro destes compoñentes no seu artigo 3, número 3, coa condición de que o compoñente, unha vez incorporado ó produto complexo, siga sendo visible durante a utilización normal deste. A nova lei integra esta disposición no seu artigo 8 e, como é lóxico, dá ó solicitante a opción de rexistra-lo deseño do produto complexo como un todo, sen prexuízo de protexer tamén o deseño dos compoñentes por separado, se cumpren as condicións esixidas no dito artigo, e de facelo, ben en distintas solicitudes, ben nunha solicitude múltiple. Do artigo 1, número 2 da lei, que incorpora os conceptos de deseño, produto e produto complexo harmonizados pola directiva, despréndese con toda claridade a posibilidade de rexistra-las partes e compoñentes substituíbles. Sen embargo, na liña seguida polo regulamento comunitario e por outros estados membros que modificaron a súa lexislación para adaptala á directiva, prevese que, en canto dure o réxime transitorio, os dereitos derivados do deseño non se poderán exercer para impedir que se utilicen con fins de reparación os deseños de compoñentes de produtos complexos da aparencia dos cales depende o deseño protexido, e que por isto deben ser necesariamente reproducidos na súa forma e dimensións exactas cando teñen que ser substituídos para devolver ó produto complexo a súa aparencia orixinal.

A diferenza do que ocorre coas interconexións, a excepción configúrase como un límite ó exercicio do dereito e non como unha excepción ó rexistro, dado que soamente se aplica á utilización deses compoñentes con fins de reparación, e non nos demais casos. Pero o fundamento é o mesmo: impedi-la creación de mercados cativos unha vez esgotado o dereito sobre o pro-

ducto complexo licitamente comercializado na Comunidade Europea polo titular ou co seu consentimento, evitando que o dereito exclusivo sobre a forma do produto, única limitación á libre competencia xustificada pola protección da propiedade industrial do deseño, se converta nun monopolio sobre o produto mesmo, o que ocorrerá cando non hai alternativa posible para restituír ó produto complexo que se repara a súa aparencia orixinal.

Entre os límites ó dereito do titular do deseño rexistrado, comúns no dereito da Unión Europea, ademais das excepcións relativas a actos realizados con fins non comerciais nun ámbito privado ou con fins experimentais, ilustrativos ou docentes baixo certas condicións, inclúese o esgotamento comunitario e os dereitos derivados da utilización anterior de boa fe, que é unha excepción xa xeneralizada noutras das modalidades de propiedade industrial, prevista tamén no proxecto de regulamento comunitario.

Tamén se contemplan expresamente dúas limitacións obvias pero que cómpre mencionar dado que ó titular do deseño rexistrado se lle recoñece non soamente o dereito excluín-te, senón tamén o exclusivo de explotar comercialmente o deseño. En primeiro lugar, que esa explotación pode estar suxeita a restricións ou limitacións legais; e en segundo lugar, a advertencia, lóxica para evita-los abusos inherentes ós deseños de cobertura, de que o dereito sobre o deseño non se poderá invocar para eximir-lo seu titular de responder fronte ás accións dirixidas contra el por violación doutros dereitos de propiedade intelectual ou industrial anteriores.

As accións de defensa do dereito complétanse e sistematízanse seguindo as pautas establecidas noutras disposicións análogas, establecendo, para efectos indemnizatorios, a responsabilidade obxectiva do fabricante, o importador e o responsable da primeira comercialización do deseño infractor. Tamén se valorará, se for o caso, o dano causado ó prestixio do deseño pola calidade inferior dos produtos infractores, a realización defectuosa das imitacións ou as condicións en que tivese lugar a súa comercialización. A posibilidade de solicitar medidas provisionais ou cautelares son as mesmas recoñecidas na Lei de patentes, tal como foi modificada nesta materia pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, por remisión da disposición adicional primeira, coas excepcións que alí se establecen. Nestes casos, e para garantía de terceiros, resulta especialmente adecuado o sistema de dupla fianza previsto no artigo 137 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, xa que o recoñecemento pleno dos dereitos conferidos polo deseño rexistrado se vincula á súa publicación, e esta ten lugar antes de que a Administración tivese oportunidade de realiza-lo control de legalidade que no procedemento de oposición posconcesión poñen en marcha as oposicións de terceiros.

V

O título VII da lei ocúpase do deseño como obxecto de propiedade, limitándose ós aspectos puramente contractuais, en defecto de autorregulación das partes. Non se prevé un réxime específico de licencias obrigatorias, como ocorre coas patentes. No caso do deseño, a situación é distinta, xa que se trata de creacións de forma e as posibles limitacións ó exercicio do dereito exclusivo do seu titular por motivos de interese público só estarán xustificadas cando o exercicio abusivo deste dereito desde unha posición de dominio afecte a libre competencia. Nestes casos, a institución do abuso de dereito e a lexislación de defensa da competencia serían suficientes para coartar posibles prácticas abusivas, cando for o caso, e adopta-las medidas pertinentes para obriga-los responsables á remoción dos seus efectos e ás indemnizacións correspondentes.

As causas de nulidade do rexistro do deseño veñen predeterminadas pola directiva e son exhaustivas, aínda que algunhas delas opcionais para os estados membros. Coinciden coas recollidas na lei como motivos de denegación, coas mesmas restricións de lexitimación impostas pola norma comunitaria. Tamén se recollen os motivos de caducidade e os efectos dunhas e outras.

VI

En canto ó réxime internacional, España segue vinculada ó Acordo da Haia, segundo a Acta correspondente á revisión de Londres de 1934, cos efectos que se lle recoñecen no dito instrumento ó rexistro internacional. Este é, en todo caso, meramente declarativo, e non ten efectos validantes sobre deseños non susceptibles de protección segundo o dereito interno dos estados membros, polo que tamén estes deseños deberán cumprilos requisitos establecidos para o efecto pola lexislación española, como por outra parte resulta evidente, despois da harmonización comunitaria, producida polo artigo 2.c) da directiva. Despois da ratificación e entrada en vigor da Acta de Xenebra do Acordo da Haia do 2 de xullo de 1999, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá facer uso da facultade de rexeitamento prevista no dito instrumento e denega-los efectos do rexistro internacional para España, nos casos e condicións previstos na mencionada Acta de Xenebra e no seu regulamento de execución, articulándose no título XI o exercicio da dita facultade de denegación da protección co noso sistema de exame en vía administrativa.

A lei non regula a figura dos modelos ou debuxos artísticos de aplicación industrial como modalidade de protección autónoma, tal como estaba prevista nos artigos 190 a 193 do Estatuto de propiedade industrial. Esta figura non se considera no dereito comunitario como categoría diferenciada dos deseños ornamentais. Se a obra é obxecto de propiedade intelectual, o autor ten en todo caso os dereitos de explotación sobre ela en calquera forma e a posibilidade de impedir a terceiros a explotación comercial das copias, xa que esta implica necesariamente a súa reprodución e distribución, dereito que podería estenderse ás variantes dela a través da facultade, que tamén lle concede o dereito de autor, de prohibi-la transformación da obra sen o seu consentimento. Isto non lle impedirá rexistrala ademais como deseño se se dan as condicións previstas nesta lei, e nese caso a súa protección sería absoluta, mesmo fronte ó creador posterior independente.

Finalmente, a entrada en vigor da lei suporá a derogación definitiva das disposicións que aínda permanecían vixentes do antigo Estatuto da propiedade industrial de 1929, fechándose o ciclo de modernización e adaptación comunitaria da normativa sobre propiedade industrial no noso país.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto establece-lo réxime xurídico da protección da propiedade industrial do deseño.
2. Para os efectos desta lei entenderase por:

a) Deseño: a aparencia da totalidade ou dunha parte dun produto, que derive das características de, en particular, as liñas, contornos, cores, forma, textura ou materiais do produto en si ou da súa ornamentación.

b) Produto: todo artigo industrial ou artesanal, incluídas, entre outras cousas, as pezas destinadas á súa montaxe nun produto complexo, a embalaxe, a presentación, os símbolos gráficos e os caracteres tipográficos, con exclusión dos programas informáticos.

c) **Producto complexo:** un produto constituído por múltiples compoñentes substituíbles que permiten desmontar e volver monta-lo produto.

Artigo 2. *Protección rexistral.*

Todo deseño que cumpra os requisitos establecidos nesta lei poderá ser protexido como deseño rexistrado mediante a súa inscrición, validamente efectuada, no Rexistro de Deseños.

Artigo 3. *Rexistro de Deseños.*

1. A solicitude, a concesión e os demais actos ou negocios xurídicos que afecten o dereito sobre o deseño solicitado ou rexistrado inscribíranse no Rexistro de Deseños, segundo o previsto nesta lei e no seu regulamento.

2. O Rexistro de Deseños terá carácter único en todo o territorio nacional e a súa conservación corresponderá á Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo das competencias que en materia de execución da lexislación de propiedade industrial corresponden ás comunidades autónomas, segundo se establece nesta lei.

Artigo 4. *Lexitimación.*

1. Poderán obter o rexistro de deseños as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española e as persoas naturais ou xurídicas estranxeiras que residan habitualmente ou teñan un establecemento industrial ou comercial efectivo e serio en territorio español ou que gocen dos beneficios do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial do 20 de marzo de 1883, de conformidade co establecido na Acta vixente en España deste convenio, denominado no sucesivo «Convenio de París», así como os nacionais dos estados membros da Organización Mundial do Comercio.

2. Tamén poderán obter o rexistro de deseños, conforme o disposto nesta lei, as persoas naturais ou xurídicas estranxeiras non comprendidas no número anterior, sempre que no Estado do que sexan nacionais se permita ás persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española o rexistro dos seus deseños de acordo coa lexislación dese país.

3. As persoas mencionadas no número 1 poderán invoca-la aplicación no seu beneficio das disposicións do Convenio de París e as de calquera outro tratado internacional ratificado por España, en canto lles for de aplicación directa, en todo o que lles sexa máis favorable respecto do disposto nesta lei.

TÍTULO II

Deseños rexistrables e causas de denegación de rexistro

CAPÍTULO I

Requisitos de protección

Artigo 5. *Deseños susceptibles de rexistro.*

Poderanse rexistra-los deseños que sexan novos e posúan carácter singular.

Artigo 6. *Novidade.*

1. Considerarase que un deseño é novo cando ningún outro deseño idéntico se fixese accesible ó público antes da data de presentación da solicitude de rexistro ou, se se reivindica prioridade, antes da data de prioridade.

2. Consideraranse idénticos os deseños con características que difiran só en detalles irrelevantes.

Artigo 7. *Carácter singular.*

1. Considerarase que un deseño posúe carácter singular cando a impresión xeral que produza no usuario informado difira da impresión xeral producida no dito usuario por calquera outro deseño que se fixese accesible ó público antes da data de presentación da solicitude de rexistro ou, se se reivindica prioridade, antes da data de prioridade.

2. Para determinar se o deseño posúe carácter singular terase en conta o grao de liberdade do autor para desenvolver-lo deseño.

Artigo 8. *Deseños de compoñentes de produtos complexos.*

1. O deseño aplicado ou incorporado a un produto que constitúa un compoñente dun produto complexo só se considerará que é novo e posúe carácter singular:

a) Se o compoñente, unha vez incorporado ó produto complexo, segue sendo visible durante a utilización normal deste; e

b) Na medida en que estas características visibles do compoñente presenten en si mesmas novidade e carácter singular.

2. Entenderase por utilización normal, para efectos do previsto na alínea a) do número anterior, a utilización polo usuario final, sen incluí-lo mantemento, a conservación ou a reparación.

Artigo 9. *Accesibilidade ó público.*

1. Para efectos da aplicación dos artigos 6 e 7, considerase que un deseño se fixo accesible ó público cando fose publicado, exposto, comercializado ou divulgado dalgún outro modo antes da data de presentación da solicitude de rexistro ou, se se reivindica prioridade, antes da data de prioridade, salvo que estes feitos, razoablemente, non puidesen chegar a ser coñecidos no curso normal dos negocios polos círculos especializados do sector de que se trate que operen na Unión Europea.

2. Non se considerará que o deseño foi feito accesible ó público polo simple feito de ter sido comunicado a un terceiro baixo condicións tácitas ou expresas de confidencialidade.

Artigo 10. *Divulgacións inocuas.*

1. Para a aplicación dos artigos 6 e 7 non se terá en conta a divulgación do deseño realizada:

a) Polo autor, o seu habente causa, ou un terceiro como consecuencia da información facilitada ou dos actos realizados polo autor ou o seu habente causa; e

b) Durante o período de doce meses que preceda á data de presentación da solicitude ou, se se reivindica prioridade, á data de prioridade.

2. O disposto no número anterior será tamén de aplicación cando a divulgación do deseño sexa consecuencia dun abuso fronte ó autor ou ó seu habente causa.

Artigo 11. *Deseños impostos pola súa función técnica e deseños de interconexións.*

1. O rexistro do deseño non conferirá dereito ningún sobre as características de aparencia do produto que estean dictadas exclusivamente pola súa función técnica.

2. O rexistro do deseño non conferirá dereito ningún sobre as características de aparencia do produto que deban ser necesariamente reproducidas na súa forma

e dimensións exactas para permitir que o produto ó que se aplique ou incorpore o deseño poida ser conectado mecanicamente a outro produto, unido, ou posto no seu interior ou arredor del, co obxecto de que cada un de eles poida cumprila súa función.

3. Non obstante o disposto no número anterior, os dereitos derivados do rexistro recoñeceranse sobre os deseños que permitan a ensamblaxe ou a conexión múltiple de produtos intercambiáveis dentro dun sistema modular e cumpran as condicións establecidas nos artigos 6 e 7.

Artigo 12. *Prohibicións de rexistro.*

Non se rexistrarán os deseños contrarios á orde pública ou ós bos costumes.

CAPÍTULO II

Motivos de denegación de rexistro

Artigo 13. *Causas de denegación.*

De oficio, cando así o dispoña esta lei, ou mediando oposición, nos casos e baixo as condicións establecidas no seu título IV, o rexistro do deseño será denegado ou, se tivese sido concedido, será cancelado cando:

a) O solicitado como deseño non se axuste ó definido como tal nesta lei.

b) O deseño non cumpra algún dos requisitos de protección establecidos nos artigos 5 a 12 desta lei.

c) O solicitante non teña dereito a obtelo conforme os artigos 14 e 15 desta lei e así se declarase mediante resolución xudicial firme.

d) O deseño solicitado sexa incompatible cun deseño protexido en España en virtude dunha solicitude ou dun rexistro que teña unha data de presentación ou de prioridade anterior, pero que se fixese accesible ó público despois da data de presentación ou de prioridade do deseño posterior.

e) O deseño supoña un uso indebido dalgúns dos elementos que figuran no artigo 6 ter do Convenio de París, ou de distintivos, emblemas e brasóns distintos dos recollidos no artigo 6 ter, que sexan de interese público como o escudo, a bandeira e outros emblemas de España, as súas comunidades autónomas, os seus municipios, provincias ou outras entidades locais, a menos que medie a debida autorización.

f) O deseño incorpore unha marca ou outro signo distintivo anteriormente protexido en España e o seu titular teña dereito, en virtude da dita protección, a prohibilo uso do signo no deseño rexistrado.

g) O deseño supoña un uso non autorizado dunha obra protexida en España por un dereito de propiedade intelectual.

TÍTULO III

Titularidade do deseño

Artigo 14. *Dereito ó rexistro.*

1. O dereito a rexistra-lo deseño pertence ó autor ou ó seu habente causa.

2. Cando o deseño fose realizado por varias persoas conxuntamente, o dereito a rexistra-lo deseño pertencerá en común a todas elas na proporción que determinen. En defecto de pacto contractual ó respecto, e sen prexuízo do disposto no artigo 58 desta lei, aplicaranse as normas establecidas no Código Civil para a comunidade de bens.

3. Se un mesmo deseño foi creado por distintas persoas de forma independente, o dereito a rexistra-lo deseño pertencerá a aquel que teña a solicitude de rexis-

tro con data anterior de presentación en España, sempre que o dito rexistro chegue a ser concedido.

4. Nos procedementos perante a Oficina Española de Patentes e Marcas presumirase que o solicitante ten dereito a rexistra-lo deseño.

Artigo 15. *Deseños creados no marco dunha relación de emprego ou de servicios.*

Cando o deseño fose desenvolvido por un empregado en execución das súas funcións ou seguindo as instrucións do empresario ou empregador, ou por encargo no marco dunha relación de servicios, o dereito a rexistra-lo deseño corresponderá ó empresario ou á parte contractual que encargase a realización do deseño, salvo que no contrato se dispoña outra cousa.

Artigo 16. *Reivindicación da titularidade do deseño solicitado ou rexistrado.*

1. Se o deseño fose solicitado ou rexistrado por quen non tiña dereito ó seu rexistro segundo os artigos 14 ou 15, a persoa lexitimada conforme os ditos artigos poderá reivindicar que lle sexa recoñecida e transferida a titularidade rexistral, sen prexuízo de calquera outro dereito ou acción que lle puidese corresponder. Tamén poderá quen teña dereito á cotitularidade do deseño reivindicalo seu recoñecemento e inscrición como cotitular no Rexistro de Deseños.

2. As accións encamiñadas ó recoñecemento dos dereitos mencionados no número anterior deberanse exercer antes de transcorrer tres anos contados desde a data de publicación do rexistro do deseño no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Este prazo non será aplicable cando a persoa non lexitimada actuase de mala fe ó solicita-lo rexistro ou ó adquiri-los dereitos reivindicados.

Artigo 17. *Efectos da presentación da demanda.*

1. Presentada a demanda exercendo a acción a que se refire o artigo anterior, non poderá ser retirada a solicitude de rexistro do deseño sen o consentimento do demandante.

2. No Rexistro de Deseños anotarase por instancia de parte interesada a presentación da demanda, así como a sentenza firme ou calquera outra forma de terminación do procedemento iniciado en virtude da dita demanda.

Artigo 18. *Efectos da sentenza sobre o rexistro.*

1. Cando se produza un cambio total na titularidade do dereito sobre o deseño rexistrado en execución dunha resolución dictada no procedemento ó que se refire o artigo anterior, as licencias e demais dereitos de terceiros sobre o deseño rexistrado extinguiranse coa inscrición no Rexistro de Deseños do lexitimo titular.

2. Tanto o titular anterior do rexistro como o titular dunha licenza obtida antes da inscrición da presentación da demanda xudicial, que con anterioridade a esa mesma inscrición explotasen o deseño en España, ou fixesen preparativos efectivos e reais con esa finalidade, poderán continuar ou comeza-la explotación sempre que dentro do prazo de dous meses desde a inscrición se se trata do titular anterior, ou desde que o titular da licenza recibise notificación da Oficina Española de Patentes e Marcas comunicándolle a inscrición, soliciten unha licenza non exclusiva ó novo titular inscrito. A licenza deberá ser concedida para un período adecuado e nunhas condicións razoables.

3. O disposto no número anterior non será de aplicación se o titular anterior do dereito ou o titular da licenza actuaron de mala fe no momento en que comezaron a explotación do deseño ou os preparativos para o facer.

Artigo 19. *Mención do autor.*

O autor ten dereito a ser mencionado como tal na solicitude, no Rexistro e na publicación do deseño rexistrado. Se o deseño foi creado en equipo, a mención do equipo poderá substituí-la dos autores.

TÍTULO IV

Solicitude e procedementos de rexistro e oposición

CAPÍTULO I

Solicitude de rexistro e data de presentación

Artigo 20. *Presentación da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro de deseño presentarase no órgano competente da comunidade autónoma onde o solicitante teña o seu domicilio ou un establecemento industrial ou comercial serio e efectivo.

2. Os solicitantes domiciliados nas cidades de Ceuta e Melilla presentarán a súa solicitude na Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Os solicitantes non domiciliados en España presentarán a solicitude na Oficina Española de Patentes e Marcas.

4. Tamén se poderá presenta-la solicitude no órgano competente da comunidade autónoma onde o representante do solicitante tivese o seu domicilio legal ou unha sucursal seria e efectiva.

5. Poderán tamén presentarse as solicitudes ante a Oficina Española de Patentes e Marcas se o solicitante ou o seu representante o solicitasen a través dun establecemento comercial ou industrial serio e efectivo que non tivese carácter territorial.

6. O órgano competente para recibila solicitude fará constar no momento da súa recepción o número da solicitude e o día, a hora e o minuto da súa presentación, na forma que se determine regulamentariamente.

7. O órgano competente da comunidade autónoma que reciba a solicitude remitirá á Oficina Española de Patentes e Marcas, dentro dos cinco días seguintes ó da súa recepción, os datos da solicitude na forma e co contido que se determinen regulamentariamente.

8. A solicitude de rexistro do deseño tamén se poderá presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixida ó órgano que, conforme o establecido nos números anteriores, resulte competente para recibila solicitude.

9. Tanto a solicitude como os demais documentos que se deban presentar na Oficina Española de Patentes e Marcas deberán estar redactados en castelán. Nas comunidades autónomas onde exista tamén outra lingua oficial, os ditos documentos, ademais de en castelán, poderanse redactar nesa lingua.

Artigo 21. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude de rexistro do deseño deberá conter:
 - a) Unha instancia na que se solicite o rexistro do deseño.
 - b) A identificación do solicitante.

c) Unha representación gráfica do deseño apta para ser reproducida.

d) A indicación dos produtos ós que se vaia aplica-lo deseño.

e) A identificación do axente ou representante, cando for o caso.

2. A solicitude poderá conter ademais:

a) Unha descrición explicativa da representación do deseño.

b) A petición de que se adíe a publicación do deseño de acordo co previsto no artigo 32 desta lei.

c) A clasificación dos produtos ós que se vaia aplica-lo deseño conforme a última versión da clasificación de debuxos e modelos prevista no anexo ó Acordo polo que se establece unha clasificación internacional de debuxos e modelos industriais, asinado en Locarno o 8 de outubro de 1968, denominado no sucesivo Acordo de Locarno.

d) A reivindicación de prioridade, coas indicacións que se determinarán regulamentariamente.

e) A mención do autor ou do equipo de autores ou a declaración, feita polo solicitante e baixo a súa responsabilidade, de que o autor ou o equipo de autores renunciou ó seu dereito a ser mencionado.

3. A solicitude de rexistro dará lugar ó pagamento da taxa establecida no anexo desta lei. Xunto coa solicitude entregárase o comprobante de ter satisfeito a taxa.

4. A solicitude de rexistro deberá cumprilos demais requisitos que se establezan regulamentariamente.

5. A información á que se refiren os números 1, alínea d), e 2, alíneas a) e c) non condicionará o alcance da protección recoñecida ó deseño como tal.

Artigo 22. *Solicitudes múltiples.*

1. A solicitude de rexistro poderá comprender varios deseños, ata un máximo de 50, sempre que se refiran a produtos pertencentes á mesma clase da Clasificación internacional de debuxos e modelos industriais establecida polo Acordo de Locarno. Esta última limitación non rexerá no caso de ornamentacións bidimensionais.

2. Ademais da taxa de solicitude de rexistro, mencionada no número 3 do artigo precedente, a solicitude múltiple dará lugar ó pagamento das taxas suplementarias polos deseños adicionais incluídos nela, establecidas no anexo desta lei.

3. A solicitude múltiple deberá cumprilos requisitos que se establezan regulamentariamente. En particular, deberase incluír unha representación de cada un dos deseños, con indicación dos produtos ós que se apliquen, conforme o disposto nas alíneas c) e d) do número 1 do artigo 21.

4. Os dereitos derivados dos deseños comprendidos nunha solicitude ou nun rexistro múltiple serán independentes uns doutros e poderán ser exercidos, transferidos, gravados, renovados ou cancelados separadamente. Tamén poderán ser obxecto de licencias, opcións de compra, embargos ou outras medidas que resulten do procedemento de execución. Cando por transferencia ou outro título se produza un cambio total na titularidade dalgún ou algúns dos deseños solicitados ou rexistrados, calquera das partes poderá solicita-la división da solicitude ou do rexistro múltiple, desagregándose del os deseños ou variantes afectadas nunha solicitude ou rexistro independente a nome do novo titular.

Artigo 23. *Data de presentación da solicitude.*

1. A data de presentación da solicitude será a do momento en que o órgano competente para recibila solicitude, conforme o previsto nos números 1, 2, 3

e 4 do artigo 20, reciba a documentación que conteña os elementos mencionados nas alíneas a), b) e c) do número 1 do artigo 21.

2. A data de presentación das solicitudes depositadas nunha oficina de correos será a do momento en que a oficina reciba a documentación que conteña os elementos mencionados nas alíneas a), b) e c) do número 1 do artigo 21, sempre que sexan presentadas en sobre aberto, por correo certificado e con aviso de recepción, dirixido ó órgano competente para recibila solicitude. A oficina de correos fará constalo día, hora e minuto da súa presentación.

3. Se algún dos órganos ou unidades administrativas a que se refiren os números anteriores non fixese constar no momento da recepción da solicitude a hora da súa presentación, asignaráselle a última hora do día. Se non se fixese constalo minuto asignaráselle o último minuto da hora.

Artigo 24. *Dereito de prioridade unionista.*

1. Os que presentasen regularmente unha primeira solicitude de rexistro do deseño en ou para algún dos estados membros do Convenio de París ou do Acordo polo que se crea a Organización Mundial do Comercio, ou os seus habentes causa, gozarán, para a presentación en España dunha solicitude de rexistro do mesmo deseño, dun dereito de prioridade de seis meses nas condicións establecidas no artigo 4 do Convenio de París. O mesmo prazo rexerá cando se invoque un dereito de prioridade baseado nunha solicitude de modelo de utilidade anterior.

2. Terán o mesmo dereito de prioridade os que presentasen unha primeira solicitude de protección do mesmo deseño nun Estado ou organización internacional non mencionado no número 1, que recoñeza ás solicitudes de rexistro de deseños presentadas en España un dereito de prioridade en condicións e con efectos equivalentes ós previstos no Convenio de París.

3. O solicitante que reivindique a prioridade dunha solicitude anterior deberá presentar, na forma e prazos que se establezan regulamentariamente, unha declaración de prioridade e unha copia, certificada pola oficina de orixe, da solicitude anterior, acompañada da súa tradución para o castelán, cando esa solicitude estea redactada noutro idioma. A reivindicación de prioridade implicará o pagamento da taxa correspondente.

Artigo 25. *Prioridade de exposición.*

1. O solicitante do rexistro dun deseño que exhibise produtos que incorporen o deseño nunha exposición oficial ou recoñecida oficialmente poderá reivindicala prioridade da data da primeira presentación dos ditos produtos na exposición, sempre que a solicitude de rexistro do deseño se presente no prazo de seis meses a partir daquela data.

2. O solicitante que desexe reivindicala prioridade prevista no número 1 deberá xustificar, no prazo regulamentariamente establecido, que os produtos que incorporen o deseño se presentaron na exposición na data invocada. A reivindicación de prioridade implica o pagamento da taxa correspondente.

3. En ningún caso a prioridade de exposición prolongará o prazo de prioridade previsto no artigo 4.C.1) do Convenio de París.

Artigo 26. *Efectos do dereito de prioridade.*

En virtude do dereito de prioridade considerarase como data de presentación en España da solicitude de rexistro, para os efectos do disposto nos artigos 6, 7, 9; alínea d) do artigo 13, número 3 do artigo 14 e do número 1 do artigo 50, a data de presentación da soli-

cidade anterior a prioridade da cal fose validamente reivindicada.

CAPÍTULO II

Procedemento de rexistro

Artigo 27. *Exame de admisibilidade e de forma.*

1. O órgano competente para recibila solicitude, conforme o previsto no artigo 20 examinará:

a) Se a solicitude de rexistro de deseño cumpre os requisitos para que se lle outorgue unha data de presentación.

b) Se se satisfixeron as taxas de solicitude que correspondan.

c) Se o solicitante está lexitimado para solicita-lo rexistro de deseño, conforme o artigo 4 desta lei.

d) Se a solicitude de rexistro reúne os demais requisitos formais previstos no artigo 21.

2. Se do exame resulta que a solicitude presenta algunha irregularidade, suspenderase a tramitación do expediente e requirirase o interesado para que no prazo establecido regulamentariamente emende a falta ou formule, se for o caso, as alegacións pertinentes, advertíndolle dos efectos da falta de emenda.

3. Se a irregularidade consistise na falta dalgún dos requisitos ou datos necesarios para obter unha data de presentación, outorgarase a do día en que se emende a irregularidade. Se a irregularidade non se emenda en prazo, a solicitude non será admitida a trámite.

4. Se a irregularidade consistise na falta de pagamento das taxas de solicitude, e transcorrido o prazo para emendala non se tivesen aboado as ditas taxas na súa totalidade, continuarase a tramitación respecto dos deseños as taxas dos cales fosen totalmente pagadas, seguindo a orde da solicitude.

5. Transcorrido o prazo mencionado no número 2 sen que o interesado contestase, o órgano competente resolverá motivadamente, tendo por desistida a solicitude. Procederase do mesmo modo cando, a xuízo do órgano competente, as irregularidades non fosen debidamente emendadas.

6. Non se producirá o efecto previsto no número 5 cando se pedise o adiamento da publicación e as irregularidades non emendadas afecten exclusivamente os requisitos formais esixidos para a publicación do deseño. Neste caso a irregularidade non afectará a continuación do procedemento, aplicándose o previsto no artigo 32.

7. Cando as irregularidades mencionadas nos números anteriores afecten soamente unha parte dos debuxos ou modelos incluídos nunha solicitude de rexistro múltiple, os efectos da falta de emenda produciranse unicamente respecto dos deseños ós que afecte.

Artigo 28. *Remisión da solicitude.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Oficina Española de Patentes e Marcas, con todo o actuado, as solicitudes que superasen o exame de forma con indicación, se é o caso, da data de presentación outorgada. A remisión do expediente á Oficina Española de Patentes e Marcas notificarase ós solicitantes polo órgano obrigado a realizala.

2. As solicitudes que se tivesen por desistidas, serán notificadas á Oficina Española de Patentes e Marcas unha vez que a resolución sexa firme, con indicación da súa data de adopción. Se a resolución fose impugnada, tamén se notificará esta circunstancia.

Artigo 29. *Exame de oficio.*

1. Superado o exame de forma e, se é o caso, recibida a solicitude remitida polo órgano competente da

comunidade autónoma, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará de oficio:

a) Se o obxecto da solicitude constitúe un deseño conforme o disposto no número 2.a) do artigo 1 desta lei.

b) Se o deseño do que se solicita o rexistro é contrario á orde pública ou ós bos costumes.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas comprobará tamén se a solicitude presenta algún defecto non percibido en trámites anteriores que imposibilitase a publicación do deseño, clasificará os produtos ós que se vaia aplicar, ou revisará cando sexa o caso a clasificación realizada polo solicitante, e verificará se as solicitudes múltiples se axustan ó disposto nesta lei.

Artigo 30. *Suspensión da tramitación: desistencia ou denegación da solicitude.*

1. Se como resultado do exame de oficio resultase que a solicitude presenta irregularidades, ou o obxecto da solicitude incorre nalgún dos motivos de denegación de rexistro mencionados no artigo anterior, suspenderase a tramitación e comunicarásele ó interesado os defectos observados para que, no prazo establecido regulamentariamente, formule as súas alegacións ou proceda, se for o caso, á súa emenda.

2. Cando o motivo da suspensión se funde na causa de denegación mencionada no número 1, alínea a), do artigo anterior, o solicitante poderá pedir que se transforme a súa solicitude de rexistro nunha solicitude para a protección do obxecto daquela baixo outra modalidade da propiedade industrial, solicitándoo expresamente. No caso de que o solicitante pida o cambio de modalidade, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará o cambio, e notificará ó interesado os documentos que deba presentar para a nova tramitación a que se vaia somete-la solicitude. A falta de presentación oportuna da nova documentación producirá a anulación do expediente.

3. Cando o motivo da suspensión se funde na causa de denegación mencionada no número 1, alínea b) do artigo anterior, o solicitante poderá, para emenda-lo defecto, modifica-lo deseño, sempre que se preserve a súa identidade substancial. A modificación, que deberá consistir na renuncia ó elemento causante do reparo, deberá ir acompañada da representación do deseño modificado nas condicións que se determinen regulamentariamente.

4. Se a solicitude múltiple non se axustase ó previsto no número 1 do artigo 22, o solicitante poderá, para emenda-lo defecto, limita-lo número de deseños ou dividi-la solicitude.

5. Transcorrido o prazo mencionado no número 1, a Oficina Española de Patentes e Marcas dictará resolución motivada denegando o rexistro de deseño ou deseños incursos nalgún dos motivos de denegación mencionados no número 1 do artigo 29 desta lei, ou tendo por desistida en todo ou en parte a solicitude, cando unicamente persistan irregularidades non emendadas. A mención da denegación ou da desistencia publicárase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

6. Non se producirá o efecto previsto no número anterior cando se pedise o adiamento da publicación e as irregularidades afecten exclusivamente os requisitos esixidos para a publicación do deseño. Neste caso a irregularidade non impedirá a continuación do procedemento e a concesión do rexistro, aplicándose o previsto no artigo 32.

7. A falta de emenda de defectos relativos á reivindicación de prioridade soamente carretará a perda deste dereito.

Artigo 31. *Rexistro e publicación.*

1. Cando do exame de oficio non resulten irregularidades ou defectos, ou fosen emendados estes no

prazo establecido, a Oficina Española de Patentes e Marcas dictará resolución acordando o rexistro do deseño ou os deseños obxecto da solicitude.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas expedirá o título de rexistro e publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a mención da concesión, xunto co deseño rexistrado e os elementos da solicitude que se determinen regulamentariamente, permitíndose a consulta pública do expediente.

Artigo 32. *Adiamento da publicación.*

1. O solicitante, ó presenta-la solicitude de rexistro, poderá pedir que se adie a publicación do deseño, durante un prazo de 30 meses contados desde a data de presentación da solicitude ou, se se reivindica prioridade, desde a de prioridade.

2. Neste caso, unha vez superado o exame de oficio, o deseño ou os deseños obxecto da solicitude inscribíranse no rexistro de deseños, pero durante o período de adiamento da publicación nin a representación do deseño nin os documentos da solicitude serán accesibles para consulta pública.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a mención da concesión do rexistro e a do adiamento da publicación. Esta mención incluirá a identificación do solicitante e a data de presentación da solicitude, ademais das indicacións establecidas regulamentariamente.

4. Finalizado o período de adiamento, ou antes se o pide o titular, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá a publica-lo deseño segundo o disposto no número 2 do artigo 31 sempre que, coa anticipación prevista no regulamento de execución, o titular completase os requisitos formais esixidos para publica-la reprodución gráfica do deseño.

5. Se o solicitante non cumpre os requisitos establecidos no número anterior e o rexistro non chegase a ser publicado, considerarase que a solicitude de rexistro do deseño non produciu nunca os efectos previstos nesta lei.

CAPÍTULO III

Procedemento de oposición

Artigo 33. *Motivos de oposición e lexitimación para oporse.*

1. Nos dous meses seguintes á publicación do deseño rexistrado segundo o previsto nos artigos 31 e no número 4 do artigo 32, calquera persoa poderá formular oposición á concesión do rexistro, alegando que o deseño rexistrado incumpe algún dos requisitos de protección establecidos nos artigos 5 a 11 desta lei.

2. Poderá ser alegado tamén como motivo de oposición polos que sexan titulares lexitimos dos signos ou dereitos anteriores:

a) Que o titular do rexistro de deseño non ten dereito a obtelo segundo os artigos 14 e 15 desta lei cando así se declarase mediante resolución xudicial firme.

b) Que o deseño rexistrado é incompatible cun deseño protexido en España en virtude dunha solicitude ou dun rexistro con data de presentación ou de prioridade anterior, pero que soamente se fixo accesible ó público despois da data de presentación ou de prioridade do deseño posterior.

c) Que o deseño rexistrado incorpora unha marca ou outro signo distintivo anteriormente protexido en España o o seu titular ten dereito, en virtude da dita protección, a prohibi-lo uso do signo no deseño rexistrado.

d) Que o deseño rexistrado supón un uso non autorizado dunha obra protexida en España pola propiedade intelectual.

e) Que o deseño rexistrado supón un uso indebido dalgún dos elementos mencionados na alínea e) do artigo 13 desta lei.

Neste caso estará lexitimada para oporse a persoa ou entidade afectada polo uso indebido.

Artigo 34. *Presentación da oposición.*

A oposición deberase formular ante a Oficina Española de Patentes e Marcas mediante escrito motivado, acompañado cando for o caso dos correspondentes documentos probatorios. Co escrito de oposición xuntase o xustificante do pagamento da taxa de oposición.

Artigo 35. *Exame e resolución da oposición.*

1. Admitido a trámite o escrito de oposición, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado dela ó titular do rexistro para que, no prazo de dous meses, presente as súas alegacións.

2. Cando a oposición se basee nalgún dos motivos mencionados no número 1 ou nas alíneas c), d) ou e) do número 2 do artigo 33, o titular do rexistro poderá modifica-lo deseño na medida necesaria para elimina-los elementos que motivasen a oposición, sempre que a forma resultante cumpra os requisitos de protección e o deseño, a pesar da modificación, manteña a súa identidade substancial. A modificación deberá ir acompañada da representación do deseño modificado nas condicións que se determinen regulamentariamente.

3. Transcorrido o prazo sinalado para contestar á oposición, contestase ou non o titular do rexistro, a Oficina Española de Patentes e Marcas dictará resolución motivada estimando, en todo ou en parte, ou desestimando, as oposicións presentadas. A estimación dunha oposición carretará a cancelación do deseño ou deseños afectados.

4. Enténdese que o rexistro do deseño cancelado por estimación dunha oposición non produciu nunca os efectos previstos nesta lei. Para o efecto retroactivo da cancelación aplicaráselle, se é o caso, o previsto no número 2 do artigo 68 respecto da nulidade.

Artigo 36. *Publicación do deseño modificado.*

1. Cando se modificase o deseño de conformidade co previsto no número 2 do artigo anterior, o deseño modificado publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. O deseño modificado, tal como fose publicado, determinará retroactivamente o alcance da protección conferida polo rexistro do deseño.

CAPÍTULO IV

Disposicións xerais de procedemento

Artigo 37. *Retirada, limitación e modificación da solicitude.*

1. Con suxeición ás limitacións establecidas nesta lei, o solicitante poderá en todo momento retirar-la súa solicitude de rexistro de deseño, renunciar a algún dos deseños solicitados ou limita-los produtos indicados na solicitude.

2. A solicitude de rexistro do deseño só poderá ser modificada nos supostos e baixo as condicións expresamente previstas nesta lei. Non obstante, por instancia do solicitante, admitiranse ademais as rectificacións do seu nome e enderezo, dos defectos de expresión ou de transcripción ou os erros manifestos, sempre que a modificación non afecte a identidade do deseño nin substitúa ou amplíe os produtos indicados na solicitude.

3. Os escritos que teñan por obxecto retirar, modificar ou rectifica-la solicitude, renunciar a algún dos deseños ou limita-los produtos presentaranse ante o órgano competente para recibi-la solicitude de rexistro ou perante a Oficina Española de Patentes e Marcas se o expediente fose xa remitido, conforme o disposto nesta lei.

4. Toda limitación e modificación da solicitude ou do deseño dará lugar ó pagamento da taxa correspondente.

Artigo 38. *División da solicitude ou do rexistro do deseño.*

1. O solicitante ou o titular dun rexistro múltiple poderá solicita-la división da solicitude ou do rexistro en dúas ou máis solicitudes ou rexistros divisionais, desagregando do expediente orixinario un ou varios deseños nos seguintes casos:

a) Para emendar irregularidades, cando a solicitude de rexistro múltiple non se axuste ós límites establecidos no número 1 do artigo 22.

b) Cando se produza un cambio de titularidade que afecte parte dos deseños dunha solicitude ou rexistro múltiple, segundo o previsto no número 4 do artigo 22.

c) No curso do procedemento cando así o preveña expresamente o regulamento de execución.

2. As solicitudes ou rexistros divisionais conservarán a data de presentación da solicitude inicial e o beneficio do dereito de prioridade, se o houber.

3. A división estará suxeita ó pagamento da taxa correspondente.

Artigo 39. *Restablecemento de dereitos.*

1. O solicitante ou o titular dun rexistro de deseño ou calquera outra parte nun procedemento que, aínda tendo demostrado toda a dilixencia requirida polas circunstancias, non puidese respectar un prazo nalgún dos procedementos previstos nesta lei, será, logo de petición, restablecido nos seus dereitos se a omisión tivese como consecuencia directa, en virtude das disposicións desta lei ou do seu regulamento, a perda dun dereito. No caso de que o prazo correspondía á interposición dun recurso, terá como consecuencia a súa admisión a trámite, salvo o previsto no número 5.

2. A petición deberase presentar por escrito a partir do cesamento do impedimento, na forma e prazo que se establezan regulamentariamente. O trámite incumprido deberá realizarse nese prazo. A petición soamente será admisible durante un ano a partir da expiración do prazo non observado. Se se deixase de presenta-la solicitude de renovación, deducirase do período dun ano o prazo suplementario de seis meses a que se refire o segundo inciso do número 3 do artigo 44.

3. A petición deberase motivar, indicándose os feitos e as xustificacións que se aleguen no seu apoio. Soamente se terá por presentada cando se pague a taxa de restablecemento de dereitos.

4. Será competente para resolve-la petición o órgano que o sexa para se pronunciar sobre o acto que non se cumprise.

5. As disposicións do presente artigo non serán aplicables ós prazos establecidos no número 2 deste artigo, ós de reivindicación de prioridade previstos nos números 1 e 2 do artigo 24 e 1 do artigo 25, e ó prazo de oposicións á concesión establecido no número 1 do artigo 33. Tampouco serán aplicables estas disposicións respecto do prazo de interposición dun recurso contra un acto declarativo de dereitos.

6. O titular da solicitude ou do rexistro restablecido nos seus dereitos non poderá invocar estes fronte a un terceiro que, de boa fe e no período comprendido entre a perda do dereito e a publicación da mención de res-

tablecemento dese dereito, comercializase produtos ós que se incorpore ou aplique un deseño comprendido dentro do ámbito de protección do deseño rexistrado.

7. Non procederá o restablecemento do dereito sobre a solicitude ou sobre o deseño rexistrado cando no período comprendido entre a perda daquel e a presentación da petición de restablecemento un terceiro solicitase ou rexistrase de boa fe un deseño incompatible co que é obxecto dos dereitos a que se refire a petición de restablecemento.

8. Contra a resolución que restableza nos seus dereitos ó solicitante, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpo-lo terceiro que se poida prevalecer das disposicións contidas nos números 6 e 7 recurso de alzada, nos termos previstos no artigo 41 desta lei.

Artigo 40. *Suspensión de procedementos.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá suspender-la tramitación dun procedemento cando así o preveña esta lei e, en particular:

1. Cando unha oposición se funde no número 2 alínea b) do artigo 33 e a solicitude anterior de rexistro de deseño estea pendente de resolución. A suspensión terá efectos ata o momento en que se dicte unha resolución da dita solicitude que poña fin á vía administrativa. Non se interromperá o procedemento cando a solicitude anterior estea suxeita a adiamento da publicación.

2. Por instancia do titular que impugnase a validez ou a vixencia do dereito opoñente, ou reivindicase a súa titularidade, ata que se dicte sentenza firme, cando a oposición se fundamente nalgún dos motivos previstos nas alíneas b), c) e d) do número 2 do artigo 33.

3. Cando se solicite a división dun rexistro múltiple, polo tempo preciso para a súa resolución.

4. Por solicitude conxunta de tódolos interesados sen que a suspensión poida neste caso exceder seis meses.

5. A requirimento do xuíz ou tribunal competente ata que este resolva deixar sen efecto a medida de suspensión.

Artigo 41. *Revisión dos actos en vía administrativa.*

1. Os actos e resolucións dictados polos órganos da Oficina Española de Patentes e Marcas serán impugnables de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O recurso administrativo contra a concesión do rexistro do deseño só se poderá referir a aquelas cuestións que poidan ser resoltas pola Administración durante o procedemento de rexistro.

3. O recurso administrativo fundado en motivos de denegación de rexistro non examinables de oficio pola Administración soamente poderá ser interposto polos que fosen parte nun procedemento de oposición contra a concesión do rexistro baseado nos ditos motivos, e dirixirse contra o acto resolutorio da oposición presentada. Para estes efectos poderase entender desestimada a oposición se, transcorrido o prazo para resolvela e notificala, non se dictase resolución expresa.

4. A interposición dun recurso dará lugar ó pagamento da taxa de recurso. Non se procederá á devolución da taxa salvo cando o recurso fose totalmente estimado ó acollerse razóns xurídicas que, indebidamente apreciadas na resolución, fosen imputables á Oficina Española de Patentes e Marcas. A devolución da taxa deberá ser solicitada ó interporse o recurso e será acordada na resolución deste.

5. Fronte á resolución de concesión do rexistro dun deseño ou o acto resolutorio dunha oposición, a Oficina

Española de Patentes e Marcas non poderá exercer de oficio ou por instancia de parte a potestade revisora prevista no artigo 102 da Lei 30/1992 antes citada, se a nulidade do deseño se funda nalgunha das causas previstas no artigo 65 desta lei. As causas de nulidade soamente se poderán facer valer ante os tribunais.

6. Os actos e resolucións dictados en virtude das súas facultades polos órganos competentes das comunidades autónomas serán impugnables con suxeición ó disposto na Lei 30/1992, así como nas normas orgánicas que rexan para os respectivos órganos.

Artigo 42. *Arbitraje.*

1. Os interesados poderán someter a arbitraje as cuestións litixiosas xurdidas con ocasión do procedemento de oposición, de conformidade co establecido neste artigo. A arbitraje soamente se poderá referir ós motivos mencionados nas alíneas b), c) ou d) do número 2 do artigo 33 desta lei. En ningún caso a arbitraje poderá supor modificacións do deseño que contraveñan as limitacións establecidas no número 2 do artigo 35 desta lei.

2. O convenio arbitral soamente será válido se está subscrito, ademais de polo titular do rexistro, polos titulares dos dereitos anteriores que tivesen formulado a oposición a que se refira ou, se é o caso, interposto recurso contra o acto resolutorio desta.

3. O convenio arbitral deberá ser notificado á Oficina Española de Patentes e Marcas polos interesados antes de que gañe firmeza o acto administrativo que puxese termo ó procedemento de oposición. Resolto o recurso de alzada contra o acto resolutorio da oposición presentada, quedará expedita a vía contencioso-administrativa, salvo que se faga valer ante a oficina a sinatura do convenio arbitral.

4. Subscrito o convenio arbitral, e mentres subsista, non caberá interpor recurso administrativo ningún de carácter ordinario, declarándose a súa inadmisibilidade, ou téndose por desistido se se interpuxese con anterioridade.

5. O laudo arbitral firme producirá efectos de cousa xulgada, de acordo co establecido no artigo 37 da Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, de aplicación en todo o non previsto polo presente artigo, e a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá a realiza-las actuacións necesarias para a súa execución.

6. Deberanse comunicar á Oficina Española de Patentes e Marcas a presentación dos recursos que se interpoñan fronte ó laudo arbitral. Unha vez firme este, comunicarse de maneira que faga fe á Oficina Española de Patentes e Marcas para os efectos previstos no número anterior.

TÍTULO V

Duración e renovación

Artigo 43. *Duración da protección.*

O rexistro do deseño outorgarase por cinco anos contados desde a data de presentación da solicitude de rexistro, e poderase renovar por un ou máis períodos sucesivos de cinco anos ata un máximo de 25 anos computados desde a dita data.

Artigo 44. *Renovación.*

1. A renovación acordarase por solicitude do titular do rexistro ou do seu habente causa, quen deberá acreditar esta calidade na forma que se dispoña regulamentariamente, e deberá ir acompañada do xustificante de pagamento da taxa de renovación.

2. A solicitude de renovación presentarase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou os órganos

a que se refire o artigo 20. Se a solicitude non fose presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, o órgano que a reciba remitírala, xunto coa documentación que a acompañe, no prazo de cinco días.

3. A solicitude presentarase, acompañada do xustificante do pagamento da taxa de renovación, dentro dos seis meses anteriores á terminación do correspondente período de vixencia. No seu defecto, poderase facer aínda de forma válida nun prazo de seis meses desde a finalización daquel, coa obriga de aboar, de forma simultánea, unha recarga do 25 por cento da cota se o ingreso ten lugar durante os tres primeiros meses, e dun 50 por cento se se efectúa dentro dos tres seguintes.

4. Se a taxa de renovación ou, se é o caso, as recargas, non fosen aboadas na súa totalidade, concederase a renovación para os deseños dos que fose totalmente pagada a taxa de renovación, incluídas as recargas. En defecto de indicación expresa do solicitante, as taxas aplicaranse ós deseños seguindo a orde en que aparezan na solicitude de renovación ou, no seu defecto, no rexistro de deseños.

5. A renovación, que será inscrita no rexistro de deseños e publicada no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», producirá efectos desde o día seguinte ó da data de expiración do período de duración ou de renovación anterior.

6. Se a renovación fose denegada reembolsarase, por petición do interesado, o 75 por cento da taxa de renovación pagada.

TÍTULO VI

Contido da protección xurídica do deseño industrial

CAPÍTULO I

Contido, extensión e límites da protección

Artigo 45. *Contido do dereito sobre o deseño rexistrado.*

O rexistro do deseño conferirá ó seu titular o dereito exclusivo a utilizalo e a prohibí-la súa utilización por terceiros sen o seu consentimento. Para estes efectos entenderase por utilización a fabricación, a oferta, a comercialización, a importación e exportación ou o uso dun produto que incorpore o deseño, así como o almacenamento do dito produto para algún dos fins mencionados.

Artigo 46. *Producción de efectos e protección provisoria.*

1. O dereito conferido polo deseño rexistrado produce os seus efectos desde a data da súa publicación. Non obstante, a solicitude de rexistro do deseño confírelle ó seu titular unha protección provisoria fronte a quen, aínda antes da publicación do deseño rexistrado, se lle notificase de maneira fidedigna a presentación da solicitude e o contido desta.

2. A protección provisoria confire o dereito a esixir unha indemnización razoable de calquera terceiro que entre a data de presentación da solicitude de rexistro e a data de publicación do deseño rexistrado, tivese levado a cabo unha utilización do deseño que despois dese período quedaría prohibida.

3. Enténdese que a solicitude de rexistro do deseño e o deseño rexistrado non produciron nunca os efectos previstos neste título cando a solicitude fose retirada ou denegada, ou o rexistro do deseño fose cancelado por estimación dunha oposición ou dun recurso.

4. A protección provisoria só se poderá reclamar despois da publicación do rexistro do debuxo ou modelo.

Artigo 47. *Alcance da protección.*

1. A protección conferida polo deseño rexistrado estenderase a calquera deseño que non produza no usuario informado unha impresión xeral diferente.

2. Para determina-lo alcance da protección terase en conta a marxe de liberdade do autor ó realiza-lo deseño.

Artigo 48. *Excepcións ós dereitos conferidos polo deseño rexistrado.*

Os dereitos conferidos polo deseño rexistrado non se estenden a:

a) Os actos realizados nun ámbito privado e con fins non comerciais.

b) Os actos realizados con fins experimentais.

c) Os actos de reprodución do deseño realizados con fins ilustrativos ou docentes, sempre que os ditos actos non sexan contrarios ós usos comerciais leais, non prexudiquen indebidamente a explotación normal do deseño e se mencione a fonte destes.

d) O equipamento e labores de reparación de buques e aeronaves matriculados noutro país cando entren temporalmente en España ou a importación de pezas de recambio e accesorios destinados á súa reparación.

Artigo 49. *Esgotamento do dereito.*

Os dereitos conferidos polo deseño rexistrado non se estenden ós actos relativos a un produto que incorpore un deseño comprendido no ámbito de protección daquel cando o dito produto fose posto no comercio no Espacio Económico Europeo polo titular do deseño rexistrado ou co seu consentimento.

Artigo 50. *Dereitos derivados da utilización anterior.*

1. O titular dun deseño rexistrado non ten dereito a impedir que os que con anterioridade á data de presentación ou, se é o caso, de prioridade da solicitude de rexistro, demostren que comezaron a explotar de boa fe en España un deseño que estea comprendido no ámbito de protección do rexistrado e non sexa copia del, ou que efectuaron preparativos serios e efectivos para isto, prosigan ou inicien a dita explotación na mesma forma e coa mesma finalidade para a que comezaron a utilizalo ou realizaron os preparativos.

2. O dereito baseado no uso anterior non habilitará para conceder licencias de explotación sobre o deseño, e soamente poderá ser transferido coa empresa ou sección da empresa no marco do cal se iniciase a explotación ou se realizasen os preparativos.

3. Os dereitos conferidos polo deseño rexistrado non se estenden ós actos relativos ó produto que incorpore un deseño comprendido dentro do ámbito de protección daquel cando o dito produto fose licitamente comercializado no Espacio Económico Europeo pola persoa que goza do dereito recoñecido neste artigo.

Artigo 51. *Límites ó exercicio do dereito.*

1. A explotación do deseño rexistrado non se poderá levar a cabo de forma contraria á lei, á moral, á orde pública ou á saúde pública, e estará suxeita, en todo caso, ás prohibicións ou limitacións temporais ou indefinidas establecidas ou que se establezan polas disposicións legais.

2. O dereito sobre o deseño rexistrado non poderá invocarse para eximi-lo seu titular de responder fronte ás accións dirixidas contra el por violación doutros dereitos de propiedade intelectual ou industrial que teñan unha data de prioridade anterior.

CAPÍTULO II

Accións por violación do deseño rexistrado

Artigo 52. *Posibilidade de exercer accións civís e penais.*

O titular dos dereitos recoñecidos nesta lei poderá exercer ante os órganos xurisdiccionais as accións civís ou penais que correspondan contra os que lesionen o seu dereito e esixí-las medidas necesarias para a súa salvagarda.

Artigo 53. *Accións civís que pode exercer-lo titular do deseño rexistrado.*

1. En especial, o titular do deseño rexistrado a quen se lle lesione o dereito poderá reclamar na vía civil:

a) A cesación dos actos que violen o seu dereito.
b) A indemnización dos danos e perdas sufridas.
c) A adopción das medidas necesarias para evitar que prosiga a actividade infractora e, en particular, que se retiren do mercado os produtos nos que se materializase a violación do seu dereito.

d) A destrución, ou a cesión con fins humanitarios se for posible, á escolla do demandante e á custa do condenado, dos produtos a que se refire o número anterior, salvo que a natureza do produto permita impedi-la continuación da actividade infractora eliminando o deseño sen afectar substancialmente o produto, ou a xuízo do tribunal a destrución ou cesión dos produtos infractores resulte unha medida claramente desproporcionada e existan outras alternativas menos gravosas para evitar que prosiga ou se reinicie a violación do dereito do titular do deseño.

e) Alternativamente, a entrega dos obxectos a que se refire a alínea d) do número 1, a prezo de custo e á conta da súa correspondente indemnización de danos e perdas, cando sexa posible e esta medida resulte proporcionada tendo en conta as circunstancias da infracción apreciadas polo tribunal. Se o seu valor excedese do importe da indemnización concedida, o titular do deseño deberá compensa-la outra parte polo exceso.

f) A publicación da sentenza á custa do infractor mediante anuncios e notificacións ás persoas interesadas.

2. O disposto no número anterior non se aplicará ós obxectos adquiridos de boa fe para uso persoal.

Artigo 54. *Presupostos da indemnización de danos e perdas.*

1. Os que sen consentimento do titular do dereito fabriquen ou importen obxectos que incorporen un deseño comprendido dentro do ámbito de protección do rexistrado, así como os responsables da primeira comercialización destes, estarán obrigados, en todo caso, a responder dos danos e perdas causadas.

2. Todos aqueles que realicen calquera outro acto de explotación non autorizada do deseño rexistrado só estarán obrigados a indemniza-los danos e perdas causadas se fosen advertidos de maneira fidedigna polo titular acerca da súa existencia, convenientemente identificado, e da súa violación, co requirimento de que cesen nela, ou cando na súa actuación mediase culpa ou negligencia.

Artigo 55. *Cálculo dos danos e perdas e indemnizacións coercitivas.*

1. A indemnización de danos e perdas comprenderá non soamente as perdas sufridas, senón tamén as ganancias deixadas de obter polo titular do deseño rexistrado a causa da violación do seu dereito. O titular do deseño rexistrado tamén poderá esixí-la indemnización do prexuízo causado ó prestixio do deseño polo infractor debido á calidade inferior dos produtos ilícitamente comercializados, a realización defectuosa das imitacións, ou as condicións en que tivese lugar a súa comercialización.

2. As ganancias deixadas de obter fixaranse é escolla do prexudicado, consonte un dos criterios seguintes:

a) Os beneficios que o titular obtería da explotación do deseño se non tivese lugar a violación do seu dereito.

b) Os beneficios obtidos polo infractor como consecuencia da violación do dereito do titular do deseño rexistrado.

c) O prezo que o infractor debería pagar ó titular do deseño pola concesión dunha licenza que lle permitiría levar a cabo a explotación do deseño conforme o dereito.

3. Para a fixación da indemnización terase en conta especialmente a importancia económica do deseño e a súa incidencia na demanda do produto que o incorpora, a súa notoriedade e implantación no mercado e o número e clases de licencias concedidas no momento en que comezou a actividade infractora. En caso de dano ó prestixio do deseño atenderase, ademais, ás circunstancias da infracción, gravidade da lesión e grao de difusión no mercado dos produtos infractores.

4. A fin de fixa-la contía dos danos e perdas sufridas, o titular do deseño poderá esixir de conformidade co previsto no número 7 do artigo 256 e no artigo 328 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, a exhibición dos documentos do presunto responsable da vulneración do dereito, que poidan servir para aquela finalidade.

5. O titular do deseño rexistrado do cal se declarase xudicialmente a violación terá, en todo caso e sen necesidade de proba adicional ningunha, dereito a percibir en concepto de indemnización de danos e perdas o un por cento da cifra de negocios realizada polo infractor cos produtos que incorporen o deseño protexido. O titular do deseño poderá esixir, ademais, unha indemnización maior se proba que a infracción do seu dereito lle ocasionou danos ou perdas superiores, de acordo co disposto nos artigos anteriores.

6. Cando se condene á cesación dos actos de violación dun deseño rexistrado, o tribunal fixará unha indemnización coercitiva de contía determinada non inferior a 600 euros por día transcorrido ata que se produza a cesación efectiva da infracción. O importe desta indemnización e o día a partir do cal xurdirá a obriga de indemnizar fixarase en execución de sentenza.

Artigo 56. *Limitacións ó exercicio das accións.*

O titular do deseño non poderá exercer-las accións establecidas neste título fronte ós que utilicen os obxectos que fosen introducidos no comercio por persoas que lle indemnizasen en forma adecuada os danos e perdas causadas.

Artigo 57. *Prescripción de accións civís.*

1. As accións civís derivadas da violación do dereito sobre o deseño rexistrado prescriben ós cinco anos contados desde o día en que se puideron exercer.

2. A indemnización dos danos e perdas soamente se poderá esixir en relación cos actos de infracción realizados durante os cinco anos anteriores á data en que se exerza a correspondente acción.

TÍTULO VII

A solicitude e o rexistro do deseño como obxecto de dereitos

CAPÍTULO I

CotitularidadeArtigo 58. *Réxime de cotitularidade.*

1. Cando a solicitude de rexistro ou o deseño rexistrado pertencen pro indiviso a varias persoas, a comunidade resultante rexerá polo acordado entre as partes; no seu defecto, polo disposto neste artigo e, en último termo, polas normas de dereito común sobre a comunidade de bens.

2. Cada un dos cotitulares por si só poderá:

a) Dispor da parte que lle corresponda notificándoo ós demais comeneiros, que poderán exercer os dereitos de tanteo e retracto no prazo dun mes contado desde a notificación no caso do dereito de tanteo ou desde a inscrición da cesión no rexistro de deseños, no caso do dereito de retracto.

b) Explotar por si mesmo o deseño, logo de notificación ós demais cotitulares.

c) Realiza-los actos necesarios para a conservación da solicitude ou do rexistro.

d) Exercer accións civís ou criminais contra os que infrinxan os dereitos derivados do deseño rexistrado, notificándoo ós demais cotitulares a fin de que estes poidan sumarse á acción e para que contribúan ó pagamento dos gastos habidos.

3. A concesión de licencias a terceiros para explotalo deseño requirirá o acordo da maioría dos partícipes nos termos previstos no artigo 398 do Código Civil.

CAPÍTULO II

Transferencias, licencias e gravamesArtigo 59. *Principios xerais.*

1. Os dereitos derivados da solicitude ou do rexistro do deseño poderanse transmitir, darse en garantía ou ser obxecto doutros dereitos reais, licencias, opcións de compra, embargos, outros negocios xurídicos ou medidas que resulten do procedemento de execución. No suposto de que se constituía unha hipoteca mobiliaria, esta rexerá polas súas disposicións específicas e inscribírase na sección cuarta do Rexistro de Bens Móbiles con notificación da dita inscrición á Oficina Española de Patentes e Marcas para a súa anotación no rexistro de deseños. Para estes efectos ámbolos rexistros estarán coordinados para se comunicaren telematicamente os gravames sobre deseños inscritos ou anotados neles.

2. Os actos xurídicos previstos no número anterior, cando se realicen inter vivos deberán constar por escrito para seren válidos, e só se poderán opor fronte a terceiros de boa fe unha vez inscritos no rexistro de deseños.

3. Inscrito no rexistro de deseños algún dos dereitos ou gravames previstos no número 1, non se poderá inscribir ningún outro de igual ou anterior data que resulte oposto ou incompatible con aquel. Se soamente se anotase a solicitude de inscrición, tampouco poderá inscribirse ningún outro dereito ou gravame incompatible ata que se resolva aquela.

4. A solicitude de inscrición que acceda primeiramente ó órgano competente será preferente sobre as que accedan con posterioridade, e as operacións rexistradas correspondentes practícaranse segundo a orde de presentación.

5. O rexistro de deseños é público. A publicidade farase efectiva, logo de pagamento das taxas ou prezos públicos correspondentes, mediante o acceso individualizado ás bases de datos, fornecemento de listaxes informáticas, consulta autorizada dos expedientes, obtención de copias destes e certificacións, e de forma gratuíta, conforme o previsto na disposición adicional undécima da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

Artigo 60. *Licencias.*

1. Tanto o deseño solicitado como o rexistrado poderán ser obxecto de licencias, para todo ou parte do territorio español, na súa totalidade ou nalguna das facultades que integran o dereito exclusivo, para todas ou parte das súas posibles aplicacións.

2. As licencias poderán ser exclusivas ou non exclusivas. Entenderase, salvo pacto en contrario, que a licenza non é exclusiva e que o outorgante poderá conceder outras licencias e explotar por si mesmo o deseño.

3. A licenza exclusiva impide o outorgamento doutras licencias e o outorgante da licenza soamente poderá explotalo deseño se no contrato reservase para si expresamente ese dereito.

4. Os dereitos conferidos por deseño rexistrado poderán ser exercidos fronte a calquera titular da licenza que viole algunha das limitacións establecidas no contrato relativas á duración, á forma do deseño, á modalidade de explotación ou á natureza e calidade dos produtos a que se aplique o deseño.

5. Salvo pacto en contrario, o titular dunha licenza terá dereito a explotalo deseño durante toda a duración do rexistro, incluídas as renovacións, en todo o territorio español e para tódalas súas aplicacións.

6. O titular dunha licenza non poderá cedela a terceiros nin conceder sublicencias, a non ser que se conviñese o contrario.

Artigo 61. *Lexitimación do titular da licenza.*

1. Salvo que o contrato de licenza dispoña outra cousa, o titular da licenza só poderá exercer no seu propio nome as accións que se recoñecen ó titular do deseño fronte a terceiros con autorización expresa do dito titular. Sen embargo, o titular dunha licenza exclusiva poderá requirir de maneira que faga fe ó titular do deseño para que promova a acción xudicial correspondente.

Se o titular do deseño se negar ou non exercer a oportuna acción dentro do prazo de tres meses, o titular da licenza exclusiva poderá promoverla no seu propio nome, xuntando o requirimento efectuado. Con anterioridade ó transcurso do prazo mencionado, o titular da licenza poderá pedir ó xuíz a adopción de medidas cautelares urxentes cando xustifique a súa necesidade para evitar un dano importante, con presentación do referido requirimento.

2. Tanto o outorgante da licenza como o titular da licenza que exerza unha acción en virtude do disposto no número anterior, deberán notificarse reciprocamente esta circunstancia. O titular do deseño poderá comparecer e intervir no procedemento iniciado polo titular da licenza.

Cando o titular do deseño exerza a acción, o titular da licenza tamén estará facultado para intervir no procedemento co obxecto de reclama-la correspondente indemnización.

Artigo 62. *Responsabilidade do transmitente e do outorgante da licenza.*

1. Quen transmita a título oneroso os dereitos derivados da solicitude ou do rexistro do deseño ou outorgue unha licenza sobre eles responderá, salvo pacto en con-

trario, se posteriormente se declarase que carecía da titularidade ou das facultades necesarias para a realización do negocio de que se trate. Será nulo todo pacto de exclusión ou limitación de responsabilidade se o transmitente ou outorgante actuase de mala fe.

2. Cando se cancele o rexistro do deseño como resultado dunha oposición, dun recurso ou do exercicio dunha acción de nulidade, aplicarase o disposto no número 2 do artigo 68, a non ser que se pactase unha responsabilidade maior para o transmitente ou o outorgante.

3. As accións a que se refiren os números anteriores prescribirán ós seis meses contados desde a data da resolución definitiva ou da sentenza firme que lles sirva de fundamento. Seranlle de aplicación as normas do Código Civil sobre saneamento por evicción.

CAPÍTULO III

Solicitud e procedemento de inscrición das modificacións de dereitos

Artigo 63. *Solicitud de inscrición.*

1. A inscrición do cambio na titularidade do rexistro de deseño deberase solicitar mediante instancia na forma que se estableza regulamentariamente. A solicitude de inscrición dará lugar ó pagamento da taxa correspondente.

2. Se a transmisión da titularidade resulta dun contrato, a instancia deberao expresar. Á escolha do solicitante deberase xuntar á instancia algún dos seguintes documentos:

a) Copia auténtica do contrato, ou ben copia simple con lexitimación de sinaturas efectuada por notario ou por outra autoridade pública competente.

b) Extracto do contrato no que conste por testemuño notarial ou doutra autoridade pública competente que o extracto é conforme co contrato orixinal.

c) Certificado ou documento de transferencia asinado tanto polo titular como polo novo propietario, axustado ó modelo que se estableza regulamentariamente.

3. Se o cambio na titularidade se produce por unha fusión, por imperativo da lei, por resolución administrativa ou por decisión xudicial, deberase xuntar á instancia testemuño emanado da autoridade pública que emita o documento, ou ben copia do documento que probe o cambio, autenticada ou lexitimada por notario ou por outra autoridade pública competente. Sen embargo, para a inscrición de embargos e demais medidas xudiciais bastará o oportuno mandamento emitido para o efecto polo tribunal que as dictase.

4. Os números anteriores serán aplicables, en todo aquilo que non sexa incompatible coa súa propia natureza, á inscrición dos demais actos ou negocios xurídicos previstos no número 1 do artigo 59, salvo a hipoteca mobiliaria que se rexerá polas súas disposicións específicas e a constitución doutros dereitos reais ou dunha opción de compra, para a inscrición da cal se deberán xuntar algúns dos documentos públicos previstos nas alíneas a) ou b) do número 2 deste artigo.

Artigo 64. *Procedemento de inscrición.*

1. A inscrición dos actos e negocios xurídicos previstos no número 1 do artigo 59 poderá ser solicitada por calquera das partes. A solicitude presentarase, conforme quen sexa o solicitante, no órgano que resulte competente de acordo co previsto no artigo 20.

2. Recibida a solicitude de inscrición, o órgano competente da comunidade autónoma numeraraa ou dataraa no momento da súa recepción e, dentro dos cinco días

seguintes, remitirá os datos á Oficina Española de Patentes e Marcas, na forma que se determine regulamentariamente.

3. O órgano competente da comunidade autónoma examinará se a solicitude presentada consta de:

a) Unha instancia de solicitude conforme o modelo oficial, que conteña o número da solicitude ou de rexistro do deseño ou os deseños afectados, e os datos de identificación do titular do dereito que se pretende inscribir.

b) O documento acreditativo do acto ou negocio xurídico a inscrición do cal se solicita, de conformidade co previsto nos números 2, 3 e 4 do artigo 63.

c) O xustificante de aboamento da taxa correspondente.

4. Se a solicitude de inscrición non cumprise as condicións previstas no número anterior, o órgano competente da comunidade autónoma comunicará as irregularidades observadas ó solicitante, téndose por desistida a solicitude se as irregularidades ou defectos non foren emendados no prazo regulamentario. Se a solicitude non presentase irregularidades, ou fosen emendadas estas, o órgano competente da comunidade autónoma remitirá o expediente á Oficina Española de Patentes e Marcas, notificándollo ó solicitante.

5. Recibida a solicitude de inscrición, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará a documentación presentada e cualificará a legalidade, validez e eficacia dos actos que teñan de inscribirse. Se se observase algún defecto, declararase en suspenso a tramitación da inscrición, notificándoo ó interesado, para que no prazo dun mes emende os defectos que se sinalasen. Transcorrido ese prazo resolverase a solicitude de inscrición.

6. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas poida dubidar razoablemente da veracidade de calquera indicación contida na solicitude de inscrición ou nos documentos que a acompañen, poderá esixir ó solicitante o fornecemento de probas que acrediten a veracidade desas indicacións.

7. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá concedendo ou denegando, total ou parcialmente, a solicitude de inscrición. No caso de denegación indicaranse sucintamente os motivos. A resolución dictada publicaranse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», coas mencións que se establezan regulamentariamente.

TÍTULO VIII

Nulidade e caducidade do deseño rexistrado

CAPÍTULO I

Nulidade

Artigo 65. *Causas de nulidade.*

1. O rexistro do deseño poderase declarar nulo mediante sentenza firme, procedéndose á súa cancelación, cando estea incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 13 desta lei como causas de denegación de rexistro.

2. A acción de nulidade poderase exercer durante a vixencia do rexistro e durante os cinco anos seguintes á súa caducidade ou extinción.

Artigo 66. *Lexitimación para o exercicio da acción de nulidade.*

1. Poderá solicita-la declaración de nulidade calquera persoa física ou xurídica, así como calquera agrupación constituída legalmente para a representación dos intereses de fabricantes, produtores, prestadores de ser-

vicios, comerciantes ou consumidores que resulten afectadas ou teñan un dereito subxectivo ou un interese lexítimo. Non obstante, a acción de nulidade baseada nos motivos de denegación de rexistro previstos nas alíneas c), d), e), f) ou g) do artigo 13 só poderá ser exercida polos titulares dos dereitos en que se funde a acción.

2. A acción dirixirase contra quen sexa titular rexistral do deseño no momento da interposición da demanda e deberá ser notificada a tódalas persoas titulares de dereitos inscritos sobre o deseño co fin de que poidan comparecer e intervir no procedemento.

3. Calquera persoa lexitimada segundo o número 1 que probe que o titular do deseño rexistrado exerceu fronte a ela as accións derivadas do deseño rexistrado poderá intervir como parte no procedemento de nulidade en canto non se dictase resolución firme e o solicite antes de transcorrer tres meses desde a presentación da demanda na súa contra. Igual dereito terá quen demostre que o titular do deseño rexistrado o requiriu para que cese na súa actividade infractora e probe ter iniciado un procedemento para obter unha declaración xudicial negatoria da infracción do dito deseño.

Artigo 67. *Nulidade parcial.*

Cando a nulidade, fundada nalgunha das causas previstas nas alíneas b), e), f) ou g) do artigo 13, só afecte unha parte do deseño, poderase declara-la nulidade parcial do rexistro no que se refire á parte afectada, sempre que a modificación non altere substancialmente a identidade do deseño e este, despois da modificación, cumpra os requisitos de protección establecidos nesta lei.

Artigo 68. *Efectos da declaración de nulidade.*

1. A declaración de nulidade implica que o rexistro do deseño non foi nunca válido, considerándose que nin o dito rexistro nin a solicitude que o orixinou tiveron nunca os efectos previstos no capítulo I do título VI desta lei, na medida en que fose declarada a nulidade.

2. Sen prexuízo da indemnización de danos e perdas a que houber lugar cando o titular do deseño rexistrado actuase de mala fe, o efecto retroactivo da nulidade non afectará:

a) Ás resolucións sobre violación do deseño rexistrado que adquirisen forza de cousa xulgada e fosen executadas antes da declaración de nulidade.

b) Os contratos concluídos antes da declaración de nulidade na medida en que fosen executados con anterioridade a ela. Non obstante, por razóns de equidade e na medida en que o xustifiquen as circunstancias, será posible reclama-la restitución das sumas pagadas en virtude do contrato.

3. Unha vez firme a sentenza, a declaración de nulidade do rexistro do deseño terá forza de cousa xulgada fronte a todos.

Artigo 69. *Anotacións rexistrais e comunicación de sentencias.*

1. Admitida a trámite a demanda de nulidade, o tribunal, por instancia do demandante, enviará mandamento á Oficina Española de Patentes e Marcas para que faga anotación preventiva da demanda no rexistro de deseños.

2. A sentenza firme que declare a nulidade do rexistro do deseño será comunicada, polo tribunal, de oficio ou por instancia de parte, á Oficina Española de Patentes e Marcas para que proceda, inmediatamente, á cancelación da inscrición e á súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 70. *Extensión da cousa xulgada.*

Non se poderá demandar perante a xurisdicción civil a nulidade dun rexistro de deseño invocando a mesma causa de nulidade que fose xa obxecto de pronunciamiento, en canto ó fondo da cuestión, en sentenza dictada na vía contencioso-administrativa, entre as mesmas partes e sobre os mesmos feitos invocados como causa de nulidade.

CAPÍTULO II

Caducidade

Artigo 71. *Causas de caducidade.*

1. Caducará o rexistro do deseño, procedéndose á súa cancelación:

- Cando non fose renovado ó termo dalgún dos períodos quinquenais previstos no artigo 43 desta lei.
- Cando fose obxecto de renuncia polo seu titular.
- Cando o seu titular deixe de cumprir as condicións de lexitimación establecidas no artigo 4 desta lei.

2. Nos dous primeiros casos a caducidade será declarada pola Oficina Española de Patentes e Marcas e no terceiro polos tribunais.

Artigo 72. *Efectos da caducidade.*

1. O rexistro caducado deixará de producir efectos desde o momento en que se produciron os feitos ou omisións que deron lugar á caducidade, con independencia da data en que se realizase a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Será de aplicación ó efecto retroactivo da declaración de caducidade o previsto no número 2 do artigo 68 desta lei.

2. Á anotación preventiva da demanda de caducidade, e á comunicación e efectos rexistrais da sentenza firme que a declare, aplicaráselle o disposto no artigo 69 desta lei.

3. Nos supostos en que a caducidade fose declarada pola Oficina Española de Patentes e Marcas, esta acordará de oficio a cancelación da inscrición do rexistro e a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 73. *Caducidade por falta de renovación.*

1. Cando existan embargos inscritos sobre un deseño rexistrado ou unha acción reivindicatoria en curso, e o seu titular non o renovase, non caducará o rexistro do deseño ata o levantamento do embargo ou a desestimación definitiva da acción reivindicatoria, no caso de que isto suceda antes da finalización do período máximo de duración do rexistro previsto no artigo 43. Se como consecuencia destes procedementos se producise un cambio na titularidade do deseño, o novo titular poderá renovo nun prazo de dous meses contado desde a data en que a sentenza sobre a acción reivindicatoria gañase firmeza ou desde que a autoridade ou tribunal competente comunicase á Oficina Española de Patentes e Marcas a adxudicación definitiva do deseño embargado, se isto se produce antes da finalización do período máximo de duración do rexistro previsto no artigo 43. Transcorrido este prazo, o rexistro do deseño caducará se non fose renovado.

2. Tampouco caducará o rexistro do deseño se o seu titular non o renovase cando exista inscrita no rexistro de deseños unha hipoteca mobiliaria sobre el. O titular hipotecario poderá solicita-la renovación en nome do seu propietario no prazo de dous meses contados desde a finalización do prazo de demora previsto no número 3 do artigo 44 desta lei. O titular hipotecario tamén

poderá aboa-las taxas de renovación, sen recargas, no prazo dun mes desde a finalización do prazo en que deberon ser pagadas polo propietario. A inactividade do titular hipotecario nos prazos previstos determinará a caducidade do rexistro de deseño.

Artigo 74. *Renuncia.*

1. O titular do rexistro poderá renunciar ó deseño ou ós deseños rexistrados. A renuncia dirixida á Oficina Española de Patentes e Marcas deberase presentar por escrito e soamente terá efectos fronte a terceiros unha vez inscrita no rexistro de deseños.

2. Non se admitirá a renuncia do titular do deseño rexistrado sobre o que existan dereitos reais, opcións de compra, embargos ou licencias inscritos no rexistro de deseños, sen que conste o consentimento dos titulares deses dereitos. Tampouco se admitirá a renuncia se existise en curso unha acción reivindicatoria sobre o deseño e non constase o consentimento do demandante.

TÍTULO IX

Rexistro internacional de deseños

Artigo 75. *Réxime xeral.*

O rexistro internacional de deseños realizado conforme o Acordo da Haia do 6 de novembro de 1925, sobre o depósito internacional de debuxos ou modelos industriais, producirá os efectos previstos no texto da Acta de revisión do dito convenio que estea vixente en España e sexa aplicable ó solicitante no momento de se presenta-la solicitude de depósito internacional.

Artigo 76. *Denegación e concesión da protección en España.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá denegar, en parte ou totalmente, os efectos en España do rexistro internacional daqueles deseños que, acolléndose á Acta de Xenebra do 2 de xullo de 1999, do Acordo da Haia sobre o depósito internacional de modelos e debuxos industriais estean incursos nalguna das causas previstas no artigo 13 desta lei como motivos de denegación de rexistro.

2. A publicación do rexistro internacional pola Oficina Internacional substituirá a publicación do deseño prevista nos artigos 31 e 32 desta lei. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención da referida publicación da Oficina Internacional.

3. Para os efectos previstos no número 1 deste artigo será de aplicación ó rexistro internacional de deseños o número 1 do artigo 29 polo que se refire ó exame de oficio e os artigos 33, 34 e 35 relativos ó procedemento de oposición. O prazo para presentar oposicións previsto no artigo 33.1 computarase desde a data na que no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» se insira a mención da publicación pola Oficina Internacional do rexistro internacional.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas notificará á Oficina Internacional, na forma e prazo establecido na mencionada Acta de Xenebra, os motivos que xustifiquen a denegación dos efectos do rexistro internacional en España. O titular do rexistro internacional terá os mesmos dereitos e vías de recurso que o solicitante ou titular dun rexistro nacional.

5. A protección conferida polo deseño rexistrado recoñeceráselle ó rexistro internacional desde a data da súa publicación na medida en que o dito rexistro non sexa obxecto de denegación de protección en España, de conformidade co establecido na mencionada Acta de Xenebra e no seu regulamento de execución.

Disposición adicional primeira. *Xurisdicción e normas procesuais.*

As normas contidas no título XIII da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, serán de aplicación no relativo ó exercicio de accións derivadas desta lei e á adopción de medidas provisionais e cautelares, en todo aquilo que non sexa incompatible co previsto nela. En particular non serán aplicables os artigos 124 e 128 da citada Lei de patentes; a esixencia de xustifica-la explotación do obxecto protexido para solicita-la adopción de medidas cautelares nos termos previstos no artigo 133 da Lei de patentes, nin as normas contidas no capítulo IV do dito título XIII sobre conciliación en materia de invencións laborais.

Disposición adicional segunda. *Aplicación de determinados preceptos da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

Serán aplicables á tramitación dos procedementos nas distintas modalidades da propiedade industrial as disposicións contidas no capítulo III do título III da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas relativas a notificacións e consulta pública de expedientes.

Disposición adicional terceira. *Taxas.*

As bases e tipos de gravame das taxas a que se refire o número 4 do artigo 11 da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Rexistro de la Propiedad Industrial», serán, en materia de deseños, as previstas no anexo desta lei. As contías que figuran no dito anexo refírense a valores de 2003. Para o ano 2004 experimentarán a actualización que, se é o caso, estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para as taxas en xeral.

Disposición adicional cuarta. *Réxime xurídico dos procedementos.*

Os procedementos administrativos previstos nesta lei rexeranse pola súa normativa específica e, no non previsto por ela, polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional quinta. *Prazos de resolución.*

1. Os prazos máximos para dictar e notifica-la resolución dos procedementos regulados nesta lei computaranse desde a data de recepción na Oficina Española de Patentes e Marcas das respectivas solicitudes ou escritos de oposición, e serán os seguintes:

- a) Concesión de rexistro de deseños: seis meses se a solicitude non sofre ningunha suspensión e 10 meses en caso contrario.
- b) Oposicións: oito meses.
- c) Renovación: tres meses se non se producise ningún suspenso e seis meses en caso contrario.
- d) Inscripción de modificacións de dereitos e asentos rexistrados: seis meses se non concorre ningún suspenso e oito meses se concorre esta circunstancia.
- e) Restablecemento de dereitos: seis meses.
- f) Calquera outro procedemento non suxeito a un prazo específico de resolución: seis meses.

2. Non obstante, cando se interrompa o procedemento por concorrer algún dos supostos previstos nos números 1, 2, 4 ou 5 do artigo 40 desta lei tamén quedará interrompido o prazo de resolución ata que, segun-

do o disposto neles, finalice o período de suspensión, ou ata que o tribunal competente notifique o seu levantamento.

Disposición adicional sexta. *Modificación da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

1. O número 4 do artigo 28 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, queda redactado como segue:

«O convenio arbitral deberá ser notificado á Oficina Española de Patentes e Marcas polos interesados unha vez finalizado o procedemento administrativo de rexistro da marca e antes de que gañe firmeza o acto administrativo que lle puxese termo. Resolto o recurso de alzada contra o acto que conceda ou denegue o rexistro, quedará expedita a vía contencioso-administrativa salvo que se faga valer ante a oficina a sinatura dun convenio arbitral.»

2. O número 7 do artigo 28 da Lei 17/2001 queda redactado como segue:

«Deberase comunicar á Oficina Española de Patentes e Marcas a presentación dos recursos que se interpoñan fronte ó laudo arbitral. Unha vez firme este, comunicarse de maneira que faga fe á Oficina Española de Patentes e Marcas para a súa execución.»

3. A disposición transitoria quinta da Lei 17/2001 queda redactada como segue:

«As comunidades autónomas que estatutariamente tivesen atribuída a competencia para a execución da lexislación de propiedade industrial, logo de coordinación coa Oficina Española de Patentes e Marcas, publicarán nos seus respectivos boletíns oficiais a data a partir da cal iniciará o seu funcionamento o órgano competente destas para recibir e examina-las solicitudes conforme o previsto nesta lei. Ata a entrada en funcionamento dos ditos órganos, as funcións rexistradas que estes teñen atribuídas serán executadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

Así mesmo, e ata que os ditos órganos entren en funcionamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas asignará como data de presentación ás solicitudes que, se for o caso, se presentasen perante as administracións das citadas comunidades autónomas, a que fixesen constar estas últimas como data de recepción da documentación que conteña os elementos a que se refire o artigo 13.»

4. O enunciado do número 1.4 da tarifa primeira do anexo queda redactado como segue:

«1.4 Taxa de solicitude de resolución urxente: 45,39 euros.»

5. O número 2.2 da tarifa segunda do anexo queda redactado como segue:

«Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado 14,12 euros, ata un máximo de 2.404,05 euros.»

Disposición adicional sétima. *Certificacións e copias.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas, logo de pagamento da taxa correspondente, autorizará a obtención de copias e emitirá, cando for o caso, certificacións dos documentos que figuren nos expedientes das diversas modalidades rexistradas de acordo co previsto nas

súas leis respectivas. As certificacións solicitadas polos tribunais estarán exentas do pagamento de taxa, pero non así as que soliciten estes a petición de parte litigante. Non se poderán expedir certificacións negativas.

Disposición adicional oitava. *Deseño non rexistrado.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas adoptará as medidas necesarias para a difusión e o coñecemento dos medios legais de protección do deseño non rexistrado, recoñecida no noso país en virtude do réxime comunitario previsto no Regulamento (CE) 6/2002, do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios.

Disposición adicional novena. *Denominacións.*

As referencias ós debuxos e modelos industriais contidas nos instrumentos internacionais vixentes en España, na normativa comunitaria e noutras disposicións de dereito interno enténdense realizadas ós deseños definidos no número 2 do artigo 1 desta lei.

Disposición adicional décima. *Compatibilidade da protección.*

A protección que se recoñece nesta lei ó deseño industrial será independente, acumulable e compatible coa que poida derivar da propiedade intelectual cando o deseño de que se trate presente en si mesmo o grao de creatividade e de orixinalidade necesario para ser protexido como obra artística segundo as normas que regulan a propiedade intelectual.

Disposición adicional undécima. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

1. O número 2 do artigo 39 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, queda redactado da seguinte forma:

«Dentro dos tres meses seguintes á publicación do informe sobre o estado da técnica, o solicitante poderá pedir que se proceda a examina-la suficiencia da descrición, a novidade e a actividade inventiva obxecto da solicitude de patente. A petición de exame previo soamente se considerará validamente formulada despois do pagamento da taxa de exame, será irrevogable e publicarse no "Boletín Oficial de la Propiedad Industrial".»

2. Introdúcense as seguintes modificacións no anexo á Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes:

1.^a Suprímese do enunciado final do número «1.1. Solicitudes» correspondente á tarifa primeira o feito imponible seguinte: «pola tramitación de solicitudes en xeral relativas a invencións que non teñan sinalada unha taxa especial dentro dos supostos establecidos na Lei...» e no seu lugar engádense á dita tarifa primeira número 1.1 os seguintes feitos imposables:

«Pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 90,79 euros.

Por solicitude de resolución urxente dun expediente: 45,39 euros.»

2.^a Engádese á tarifa segunda «Mantemento e transmisión de dereitos» un número 2.5 co seguinte texto:

«2.5 Pola inscrición de cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado 14,12 euros ata un máximo de 2.404,05 euros.»

Disposición adicional duodécima. *Prezos públicos.*

Terán a consideración de prezos públicos:

a) A reprodución de documentos integrados en fondos documentais.

b) As buscas retrospectivas e a difusión selectiva de datos integrados en bases de datos, realizadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

c) A prestación de servizos documentais para información tecnolóxica.

Disposición adicional décimo terceira. *Publicidade de resolucións e consulta pública de expedientes a través de medios telemáticos.*

Unha vez publicada a solicitude, poderán ser consultados tódolos documentos que integran os expedientes das distintas modalidades de propiedade industrial, logo de petición e sen necesidade de consentimento dos solicitantes ou concesionarios deles ou das demais partes comparecidas ou intervinientes. Esta consulta pública poderase efectuar presencialmente ou a través de medios telemáticos e con suxeición ás limitacións legais ou regulamentarias establecidas na lexislación vixente sobre propiedade industrial.

Así mesmo, a OEPM poderá pór á disposición pública, presencialmente ou a través de redes de comunicación telemática, os textos das resolucións dos expedientes e recursos administrativos referidos ás distintas modalidades de propiedade industrial.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

Os procedementos de rexistro de modelos e debuxos industriais e artísticos iniciados antes da entrada en vigor desta lei serán tramitados e resolto conforme a normativa legal vixente no momento da presentación das correspondentes solicitudes.

Os procedementos iniciados despois da entrada en vigor xeral desta lei rexeranse polo disposto nela. Non obstante, as solicitudes de rexistro ou de modificacións de dereitos presentadas antes de seren de aplicación o título IV e o capítulo III do título VII desta lei segundo o disposto na disposición derradeira terceira tramitaranse, salvo as excepcións previstas nesta última, segundo as normas de procedemento aplicables baixo a vixencia do Estatuto da propiedade industrial.

Disposición transitoria segunda. *Normativa aplicable ós modelos e debuxos industriais e modelos artísticos de aplicación industrial concedidos conforme a lexislación anterior.*

Os modelos e debuxos industriais e artísticos concedidos conforme o Estatuto da propiedade industrial rexeranse polas normas do dito estatuto. Isto non obstante, serán de aplicación ós debuxos e modelos industriais as disposicións desta lei que se enuncian a seguir:

a) Do título VI «Contido da protección xurídica do deseño industrial»: os artigos 48, 49, 51 do capítulo I e o capítulo II artigos 52 a 57, inclusive.

b) O título VII «O deseño como obxecto do dereito de propiedade».

c) Do título VIII «Nulidade e caducidade do deseño rexistrado» os artigos 68, 69 e 70 do capítulo I e os artigos 72 e 74 do capítulo II.

Disposición transitoria terceira. *Deseños de compoñentes de produtos complexos.*

1. A protección dos deseños de compoñentes de produtos complexos rexerase polo disposto nesta lei. Non obstante, e en canto non se incorporen ó ordenamento interno español as modificacións da Directiva 98/71/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 13 de outubro de 1998, sobre protección xurídica dos debuxos e modelos, que se adopten en cumprimento

do previsto no seu artigo 14, os dereitos conferidos polo deseño rexistrado non poderán ser exercidos para impedir a utilización de deseños de compoñentes dun produto complexo, sempre que:

a) O produto ó que se incorporase o deseño sexa un compoñente dun produto complexo da aparencia do cal dependa o deseño protexido.

b) O obxecto de tal utilización sexa permiti-la reparación do produto complexo para restituí-la súa aparencia orixinal.

2. Considerarase utilización do deseño para estes efectos a realización de calquera dos actos enumerados no artigo 45 desta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Renovación.*

A renovación dos deseños concedidos segundo a lexislación anterior rexerase polo disposto nela. Non obstante, seralle de aplicación o artigo 44 desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Inicio das actividades rexistradas dos órganos competentes das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas que estatutariamente tivesen atribuída a competencia para a execución en materia de propiedade industrial, logo de coordinación coa Oficina Española de Patentes e Marcas, publicarán nos seus respectivos boletíns oficiais a data a partir da cal iniciará o seu funcionamento o órgano competente delas para recibir e examinalas solicitudes conforme o previsto nesta lei. Ata a entrada en funcionamento dos ditos órganos, as funcións rexistradas que estes teñen atribuídas serán executadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

Así mesmo, e ata a entrada en funcionamento dos ditos órganos, a Oficina Española de Patentes e Marcas asignará como data de presentación ás solicitudes que se for o caso se presentaren ante as administracións das citadas comunidades autónomas, a que fixesen constar estas últimas como data de recepción da documentación que conteña os elementos a que se refire o número 1 do artigo 23.

Disposición transitoria sexta. *Producción de efectos durante o período transitorio.*

Ata que de conformidade coa disposición derradeira terceira entre en vigor o procedemento de concesión regulado no título IV desta lei, o dereito conferido polo deseño rexistrado producirá os efectos previstos no artigo 45 desde a data en que se publique a mención da súa concesión, gozando, ata que esta circunstancia se produza, da protección provisoria prevista no número 2 do artigo 46 desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Taxa por prestación de servizos e actividades.*

A taxa por prestación de servizos e actividades da Oficina Española de Patentes e Marcas, regulada nos artigos 26 ó 32, ambos inclusive, da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, seguirá sendo esixible en canto operen as previsións normativas contempladas na disposición adicional duodécima desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Do Estatuto da propiedade industrial, aprobado polo Real decreto lei do 26 de xullo de 1929, texto

refundido aprobado por Real orde do 30 de abril de 1930, e ratificado con forza de lei pola do 16 de setembro de 1931, os títulos I, IV, VIII e o capítulo II do título XI.

b) Da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo «Registro da Propiedade Industrial», o número 4 do artigo 11, en canto atinxe modelos e debuxos industriais e artísticos.

c) As normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

d) Derróganse os artigos 26 ó 32, ambos inclusive, da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria sétima.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia estatal prevista polo artigo 149.1.9.^a da Constitución, en materia de lexislación sobre propiedade industrial.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Consello de Ministros para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei no prazo máximo dun ano.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o título IV, o capítulo III do título VII, e a disposición adicional quinta, que o farán ó ano da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». A excepción referida ó título IV non atinxirá, sen embargo, o artigo 33, no que se refire ós motivos de oposición e lexitimación para oporse, o número 2 do artigo 35 e o artigo 41 sobre revisión dos actos en vía administrativa.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

As taxas previstas na disposición adicional terceira serán as seguintes:

Tarifa primeira. Adquisición, defensa e mantemento de dereitos.

1.1 Taxa de solicitude de rexistro: 80,67 euros.

Polos deseños adicionais incluídos na mesma solicitude de rexistro a partir do décimo:

De 11 a 20 deseños: 64,54 euros.

De 21 a 30 deseños: 51,63 euros.

De 31 a 40 deseños: 41,31 euros.

De 41 a 50 deseños: 33,06 euros.

1.2 Taxa de división de rexistro:

Por cada solicitude ou rexistro divisional resultante: 52,11 euros.

1.3 Taxa de restablecemento de dereitos: 90,79 euros.

1.4 Por solicitude dun deseño comunitario ou dun rexistro internacional por mediación da Oficina Española de Patentes e Marcas: 24,04 euros.

1.5 Por cada prioridade estranxeira ou de exposición reivindicada: 7,20 euros.

1.6 Modificacións da solicitude ou do deseño autorizadas pola Lei: 21,98 euros.

1.7 Oposicións: por formulación de oposición: 39,33 euros.

1.8 Taxa de renovación do rexistro: 91,68 euros.

Polos deseños adicionais incluídos na mesma solicitude de renovación a partir do décimo:

De 11 a 20 deseños: 73,35 euros.

De 21 a 30 deseños: 58,67 euros.

De 31 a 40 deseños: 46,93 euros.

De 41 a 50 deseños: 37,55 euros.

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de renovación e quinquenios sucesivos (réxime transitorio), as recargas serán do 25 por cento, dentro dos tres primeiros meses, e do 50 por cento dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.

1.10 Recursos e revisión de actos administrativos: pola presentación dun recurso ou solicitude de revisión: 90,79 euros.

1.11 Taxas de mantemento e renovación de modelos e debuxos industriais e modelos e debuxos artísticos concedidos baixo a vixencia do Estatuto da propiedade industrial:

a) Taxa de título e título de renovación: 16,86 euros.

b) Primeiro quinquenio: 18,42 euros.

c) Taxa de solicitude de renovación: 45,39 euros.

d) Quinquenios sucesivos: 70,93 euros.

Tarifa segunda. Cesión de dereitos, licencias e outras modificacións.

2.1 Pola inscrición ou cancelación de cambios de titularidade, licencias, dereitos reais, opcións de compra ou outras trabas ou medidas cautelares ou de execución: por cada rexistro afectado: 28,80 euros (ata un máximo de 6.010,12 euros).

2.2 Pola inscrición do cambio de nome do titular: por cada rexistro afectado: 14,40 euros ata un máximo de 2.404,05 euros.

Tarifa terceira. Outros servizos.

3.1 Certificacións: 14,56 euros.

3.2 Consulta e vista dun expediente: 3,07 euros.

3.3 Copia dos documentos que constan nun expediente: 9,81 euros (máis un suplemento por cada páxina que exceda de 10 de 0,98 euros).

Tarifa cuarta. Publicacións.

4.1 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», por solicitude do recorrente, do anuncio da interposición dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 122,60 euros.

4.2 Pola publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», por instancia de parte, da resolución dun recurso contencioso-administrativo en materia de deseño: 122,60 euros.

13616 LEI 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea. («BOE» 162, do 8-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei: